



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

**EDITA:**

Sociedade Liceo  
Alameda, s/n  
15200 Noia (A Coruña)  
Tfno./Fax: 981 820 535  
email: infomacion@liceodenoia.com  
www.liceodenoia.com

**COORDINADOR:**

Cándido M. Prego Rajo

**CONSELLO DE REDACCIÓN:**

Xosé Agrelo Hermo  
Ramón Carredano Cobas  
M<sup>a</sup> Antonia Castro Patiño  
Pedro García Vidal  
A. Ventura González Arufe  
Xosé Moas Pazos

**ILUSTRACIÓN CAPA:**

Fachada do Liceo.

**ILUSTRACIÓN CONTRACAPA:**

Alfonso Costa

**MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:**

Gráficas Sementeira, S.A.  
Tfno.: 981 823 855  
Fax: 981 821 690  
e-mail: sementeira@telefonica.net

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:**

Xosé Agrelo Hermo

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

## Presentación



**Q**uero que as miñas primeiras palabras sexan de agradecemento a todos os socios e socias pola responsabilidade mostrada ante a tardanza e atraso na finalización das obras de ampliación do noso edificio social na Alameda, debido aos imponderables xurdidos ao levar a cabo os traballos de reedificación na nosa sé.

Creo que existen poucos obxectivos con maior proxección e máis rendibilidade para o futuro do Liceo noiés, que a súa máis estreita unión coas aspiracións da sociedade actual na que vivimos e da que formamos parte.

En datas próximas, unha vez inauguradas as novas instalacións, deberemos afrontar retos pendentes, como o de completar as instalacións nos terreos deportivos que a Sociedade ten en Ceilán. Isto suporá un novo esforzo de traballo e económico que o noso Liceo pode e debe afrontar para seguir crescendo.

Sabemos que a tarefa non é fácil pero somos conscientes de que contamos coa confianza desta admirable masa social. Este novo ano 2006 será unha data inolvidable e histórica desta Sociedade Liceo de Noia.

**Xosé Moas Pazos**  
Presidente

## Sumario

<b>Axenda</b> .....	2
<i>Cándido M. Prego Rajo</i>	
<b>O mar</b> .....	10
Catecismo de cultura marítima <i>Xosé Agrelo Hermo</i>	
<b>Xeografía</b> .....	12
Auga e hixiene públicas en Noia: Unha historia por facer (I) <i>Pedro García Vidal</i>	
<b>Historia</b> .....	18
25 anos despois: A noite do 23-F no Casino <i>Xerardo AgraFoxo</i>	
<b>Pinceladas sanitarias</b> .....	25
A primavera o sangue altera <i>Víctor Vez Vilar</i>	
<b>A música é cultura: que se espalle!</b> .....	28
<i>Agustín Agra Barreiro</i>	
<b>Futbol</b> .....	30
Tempada 66 á 71. Nacemento do Noya S.D. <i>Ricardo Güeto</i>	
<b>Cancións de Noia</b> .....	36
Feliz ángel de amor <i>Prudencio Romo</i>	
<b>Zurra ao temporal</b> .....	37
<i>Domingo Campos</i>	
<b>O Quixote e Cervantes nos dramaturgos galegos...</b>	49
<i>X. Pastor Rodríguez Santamaría</i>	
<b>Historia dun recoñecemento: A Vila de Muros e o afundimento do “Cardenal Cisneros”</b> .....	59
<i>Alfonso González Asenjo</i>	
<b>Unha intervención artística</b> .....	63
<i>Alfonso Costa</i>	
<b>Recunchos de Noia</b> .....	67
<i>Roque Gallardo</i>	
<b>Os nosos libros</b> .....	68
<i>Pedro García Vidal</i>	



*Cándido M. Prego Rajo*

## Axenda

Do número anterior de “Alameda”, rematabamos esta sección publicando os artigos da tan polémica “Lei Antitabaco” que máis afectan a esta Sociedade, e que prohibe totalmente fumar na mesma. Queremos destacar aquí o magnífico comportamento dos socios fumadores, que aceptaron con sentido da responsabilidade tan drástica medida. Tampouco hai que esquecer aos que non fuman e que ata entón tolerárono con paciencia.



Celebrouse o Festival de Entroido nunha situación insólita na Sociedade, con espazo libre dispoñíbel soamente no salón. Sen cafetería, sen vestíbulo de entrada e sen outros servizos que o farían máis cómodo, pero as obras non permitiron facelo doutra maneira. Pero todos estes atrancos non foron impedimento para que os socios se divertisen, aínda que o tempo tampouco axudou moito. A choiva e o frío “recortaron” as saídas das casas.

O 25 de febreiro, sábado de entroido, amenizou o baile a orquestra Philadelphia. O domingo, 26, celebrouse o Festival Infantil de Disfraces, cun salón ategado de pequenos... e maiores; o Grupo Brétema de Tempo Libre, divertíunos toda a tarde. O martes de entroido tocou a Orquestra Olympus, sorteándose lacóns para os disfrazados. O sábado de Piñata, 4 de marzo, amenizou o baile de disfraces de “profesións e oficios” a Orquestra Cinema, con sorteo de xamóns para os disfrazados.



Publicamos neste número de “Alameda” un artigo asinado por Alfonso Costa, a propósito dos murais que pintou nas novas instalacións da Sociedade. Unha vez máis e dende as páxinas da Revista “Alameda” queremos expresarlle o noso máis recoñecido agradecemento.



De novo aparece en páxinas culturais, neste caso de “*El Correo Gallego*” de 12.02.06, un artigo de Vicente Araguas, no que fai un percorrido do coñecemento do poeta noiés Martín Veiga, e unha loubanza da súa obra *Ollos de ámbar*, pola que lle foi concedido o premio Esquíu de poesía do último ano.



MARTÍN VEIGA É PROFESOR NO CENTRO DE ESTUDIOS GALEGOS DA UNIVERSIDADE DE CORK (IRLANDA)



E... por fin, despois de dez longos meses de sufrimento, remataron as obras de ampliación e remodelación do edificio social do Liceo. Esperamos que todos disfrutemos delas moitos anos con saúde, así desexámosllo de corazón.

Con motivo da inauguración das novas instalacións, remitiuse a todos e cada un dos socios unha invitación e un programa de diversas actuacións durante o decurso dos dous fins de semanas máis próximos.

O día 24, venres “xornada de portas abertas” para todas as persoas que desexaran visitar o Liceo.

O día 25, sábado, inauguración oficial das novas instalacións, á que estaban expresamente invitados destacados persoeiros da política e cultura galegas.



OS COMPOÑENTES DA DIRECTIVA NA NOSA SECRETARÍA, SR. PREGO (SECRETARIO), SR. GONZÁLEZ ARUFE (VICEPRESIDENTE), SR. MOAS (PRESIDENTE), SR. CARREDANO (TESOUREIRO) E SRES. SUÁREZ E PETISCO (VOCAIS)



PRESIDENTE DA SOCIEDADE LICEO, D. XOSÉ MOAS PAZOS

rez Maveiro o alcalde de Noia, Antonio Pérez Insua, o alcalde de Lousame, Santiago Freire Abeijón, o alcalde de Porto do Son, Ramón Quintáns Vilas e o alcalde de Outes, Carlos López Crespo. O Xefe do EVA.10, Ramón Río, o Presidente do R.C. Náutico de Vigo, Franco Cobas González, e outras persoas da cultura e das letras da Comarca, expresamente invitadas, así como numerosos socios.

Comezou o acto as 18:00 horas, coa bendición das instalacións a cargo do párroco de San Martiño, o Rvdo.



A DIRECTIVA COS ALCALDES DE NOIA E OUTES NA BENDICIÓN. PODE VERSE TAMÉN AO EX-PRESIDENTE DO LICEO, D. JOSÉ LUIS R. HERMO

Asistiron: o Presidente da Comisión de Cultura da Deputación de A Coruña, Celestino Poza Domínguez, Secretario Xeral de Caixa Galicia, José Luis Álva-



Á DEREITA DA FOTO O PÁRROCO DE S. MARTIÑO D. JOSÉ LUIS FUENTES, BENDECINDO AS INSTALACIÓNS



ALCALDE DE NOIA, D. ANTONIO PÉREZ INSUA



SOCIO DE HONRA E ALCALDE DE OUTES, D.  
CARLOS LÓPEZ CRESPO



ARQUITECTO, D. CARLOS LÓPEZ MONTERO



PRESIDENTE DA COMISIÓN DE CULTURA DA  
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA, D. CELESTINO  
POZA DOMÍNGUEZ



ASISTENTES AO ACTO

D. José Luis Fuentes Fuentes, no vestíbulo. Xa no salón en primeiro lugar actuou o Cuarteto de Corda “Artabria” que nos deleitou coa súa música.

Despois abriu o turno de intervencións o arquitecto Carlos López Montero, que escusou a ausencia do seu

compañeiro no proxecto das obras Carlos Pérez Pérez. Dixo que antes de levar a cabo o proxecto, visitaron na Coruña ao arquitecto que proxectou o edificio do Liceo, Sr. Fernández Albalat. Sín tense realmente satisfeitos de levar a cabo esta interesante obra. Agradeceu a axuda do director de obra, Paco Barreiro, a profesionalidade do cons-

tractor Emilio “Oliesi” e dunha maneira especial a experiencia en “pintura” de Alfonso Costa que decorou de forma inigualable as novas instalacións. Loou a valentía e atrevemento da directiva do Liceo para acometer esta reforma, agradecéndolles as facilidades que lles deron para levar a bo fin o seu cometido. Finalmente fixo un xogo de letras de “LICEO” para dicir que leva as mesmas co “CIELO”, e significar que os socios do Liceo poden encontrarse no mesmo “ceo” nas instalacións desta Sociedade.

Carlos López Crespo, falou como Socio de Honra do Liceo, para rememorar tempos vividos en Noia e, como non, na Sociedade Liceo. Louvou a labouira que está a realizar esta directiva con Pepe Moas ao fronte, conquerindo a Sociedade moderna e dinámica que estamos a disfrutar. Non puido pasar por alto citar a presenza da “man” e o pincel de Alfonso Costa nesta nova etapa.



Celestino Poza Domínguez, Presidente do Comité de Cultura da Deputación de A Coruña, dixo encontrarse nunha Sociedade extraordinariamente puxante e chea de vida, alegrándose de poder colaborar economicamente coas obras de remodelación. Felicitou á Directiva polo seu acerto e, como non, a Alfonso Costa pola súa “obra”.

Antonio Pérez Insua, Alcalde de Noia, dixo encontrarse moi ledo na Sociedade Liceo, referencia cultural de ocio e de esparcemento da vila de Noia. Fixo unha mención das dificultades que houbo que superar ante a Administración, para que finalmente puidesen acometerse as obras de remodelación. Felicitou á Directiva pola súa constancia e o seu acerto nesta iniciativa, así como a Alfonso Costa pola súa obra.

Pechou o acto o Presidente da Sociedade Liceo, José Moas Pazos, que con palabras emocionadas agradeceu a todos: socios do Liceo, Caixa Galicia, Organismos Oficiais, arquitectos, aparellador, constructor e, sobre todo, aos compañeiros da Directiva, que souperon facer “piña” nos atrancos e dificultades que neste longo proceso de remodelación e acondicionamento, foron xurdindo. A todas as autoridades políticas e culturais que coa súa presenza dan realce a este acto. E a Alfonso Costa, soamen-

tes lle puido dicir moi emocionado...  
¡GRAZAS!

A continuación realizouse unha visita ás novas instalacións e á exposición de pintura de Alfonso Costa que estrea a Sala de Exposicións, rematando cun aperitivo para todos os asistentes.



REMATADO O ACTO, INTERCAMBIO DE SAÚDOS

Con motivo da inauguración das novas instalacións, leváronse a cabo as seguintes actuacións: O sábado 25, baile extraordinario coa Orquestra “Montes”. O día 26 o Grupo de Teatro do Liceo puxo en escea a obra “Ximena e Minaia ámanse”. O venres seguinte, día 31, amenizou a noite con música para oír e bailar o “Trío Nostalgias”. O día 1 de abril, a compañía de teatro “Faiscas” de Arteixo, interpretou a peza “Contos de Nadal e outras historias”. Pechou este programa de actuacións o Grupo de Danza “Hierbabuena” do Liceo de Noia na tardiña do domingo.

O luns día 27 de marzo, celebrouse Asemblea Xeral de socios. Douse conta dos ingresos e gastos habidos durante 2005 e o orzamento para 2006. De acordo co artigo 8 dos Estatutos da Sociedade, a Xunta Directiva propuxo e a Asemblea aprobou por unanimidade, nomear “Socio de Honra” a D. PRUDENCIO ROMO GONZALEZ,



O PRESIDENTE SR. MOAS, E O DIRECTIVO SR. PETISCO, CO SR. NAVEIRO DE CAIXA GALICIA, DIANTE DUN MURAL DE A. COSTA



A DIRECTIVA CON ALFONSO COSTA NA SÚA EXPOSICIÓN



ALFONSO COSTA, COA SÚA OBRA DA CÚPULA

pola súa dilatada e desinteresada laboura coa Sociedade Liceo, sobre todo cunha sección tan largamente aplaudida, de tanto éxito, e tan recordada como foi a “Zarzuela”. Asim mesmo, informouse da necesidade de solicitar de Caixa Galicia un incremento de 150.000 € do crédito concedido anteriormente, para satisfacer os gastos ocasionados coa remodelación da cafetería, os ximnasiaos, a terraza e a substitución dos ventanais, que non estaban incluídos no presuposto inicial, por non estar previsto ser modificados. Os asistentes aprobaron esta proposta da Xunta Directiva.



O CUARTETO DE CORDA “ARTABRIA” NA SÚA ACTUACIÓN

# O mar

## Catecismo de cultura marítima



Xosé Agreló Hermo


Para todos os que fomos á escola a mediados do século pasado, a palabra Catecismo vai unida ao nome do xesuíta Gaspar Astete quen en 1597 sacou á luz o libro *Catecismo de la Doctrina Cristiana*, que chegou ter sucesivamente máis de 600 edicións, sendo a última en 1997. O “Astete”, obrigatorio en todas as escolas, cando a asignatura de Relixión non era opcional, distinguíase polo método didáctico empregado, dunha sinxeleza abraiante, que buscaba o seu obxectivo –a introdución da doutrina católica nas mentes infantís– a base de preguntas e respostas curtas e esquemáticas, tanto unhas como outras. Este sistema pseudosocrático, tamén empregado en algunhas enciclopedias da etapa franquista, ignoraba a capacidade de raciocinio da

mente infantil considerando a memoria como único valor do pensamento. Por iso non é de estrañar que lle saíse unha parodia de sátira política feroz co *Catecismo do labrego*, que en 1889 publicou Valentín Lamas Carvajal baixo o pseudónimo de *Marcos da Portela*.

Esta introdución vén ao caso porque nas mans deste cronista caeu, por obra e gracia dese namorado do mar que é Félix González, un libro singular redactado coa mesma técnica dos dous anteriores, de preguntas e respostas curtas e sinxelas. Trátase do *Catecismo de cultura marítima*, unha obra da autoría de Hermenegildo de la Corte Mora, mestre de orientación marítimo-pesqueira, editada en Huelva en 1970 pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da cidade onubense. O libro, de 88 páxinas, leva un prólogo de Carlos Martínez-Valverde, comandante de Mariña da provincia de Huelva.

Polo que se deduce das dedicatorias do autor, o texto ten como obxectivo prestarlles aos futuros profesionais do mar unha información e uns coñecementos teóricos mínimos para a obtención do título de competencia de mariñeiro –Pescamar e Mecamar– obrigatorio para navegar a partir de xaneiro de 1970. A maioría das páxinas están ilustradas con debuxos elementais do propio autor, referentes aos temas tratados. *O Catecismo de cultura marítima* está dividido en dúas partes: “El barco, el mar y la navegación”, e “Figuras y hechos gloriosos de la Marina Española”.


A primeira é máis ampla e intenta abarcar, resumidas, todas as facetas da navegación dende a nomenclatura xeral e particular do barco, até as máquinas de vapor e motores de explosión, pasando pola explicación da costa, portos, faros, rosa dos ventos, medidas mariñas, balizamento, luces de situación, sinais acústicos, sonda e radar. Tampouco esquece as distintas artes de pesca, as principais clases de barcos e a prevención de abordaxes. Esta parte remata coa somera numeración das institu-




cións que o autor chama “protectoras de los pescadores” como as Confrarías, Instituto Social da Mariña, Mutuas, Montepíos e Caixas de Crédito.

“Figuras y hechos gloriosos de la Marina Española” é o título patrioteiro da segunda parte do libro. Confundindo os allos cos bugallos, ou a velocidade co touciño, como era norma nos tratados daquela etapa política, o autor mestura unha primeira parte técnica moi simple e elemental pero tratada con dignidade profesional, cun feixe de personaxes históricos –dos que algúns non foron tan figuras– e de feitos que foron máis ou menos gloriosos. Así aparecen, por esta orde: Colón, Elcano, Álvaro de Bazán, Lepanto, Marqués de Ensenada, Churruca e Trafalgar, cruceiro “Balears”, Ramón Bonifaz, Roger de Lauria, Pedro Martel, Alonso Sánchez, Martín Alonso Pinzón, Jorge Juan, Barceló, os Garrocho de Huelva, Blas de Lezo, Méndez Núñez, Villaamil, Isaac Peral, Cervera, Marqués de Valterra e o Almirante Moreno, ministro do ramo naquela época.

Estamos, pois, diante dun libro práctico para o fin ao que ía destinado, curioso pola metodoloxía empregada e propagandístico, ao mesmo tempo, do réxime político imperante na España de 1970. O autor é, polo que se ve,



un docente chapado á antiga pero entusiasta e apaixonado polo mar, que no epílogo da obra fai súa a frase pronunciada polo político Antonio Maura en 1901, tres anos despois do desastre de 1898: “El mar es para España el único bálsamo capaz de cicatrizar nuestras heridas, el único resquicio para nuestras esperanzas”. Sen comentarios.



# Xeografía

## **Auga e hixiene públicas en Noia: Unha historia por facer (I)**



*Pedro García Vidal*

**D**entro da historia urbana dunha vila antiga como Noia, un apartado destacado da mesma debería ser aquel que fixera referencia ao seu dilatado proceso de saneamento e hixienización. Temas como o da auga; lousado, limpeza e aseo das rúas; canalización de augas sucias; pozos negros; etc. deberían ter cabida nese capítulo imprescindible da historia urbana. Por diferentes motivos esta é aínda unha historia por facer. Neste artigo, ao que seguirán outros que o completen, apuntamos brevemente algúns epígrafes da mesma.

### **A AUGA. UNHA NECESIDADE VITAL**

Dispor de auga doce en cantidade suficiente era unha condición fundamental para a existencia dun enclave urbano. De aí que nas orixes sexan tan frecuentes emprazamentos urbanos levantados á beira dos ríos. Pero as correntes de augas superficiais son fácil presa da contaminación, sobre todo a medida que a poboación urbana medra e diversifica as súas actividades produtivas, algunha delas moi contaminante como podía ser o caso do curtido de peles, cos perigos que iso supón para a saúde humana. Por iso, a auga destinada ao consumo humano prefírese que proceda do interior da terra pois as posibilidades de contaminación son moito menores. Dispor de limpos e abundan-

tes mananciais que garantan unha boa calidade das augas para os habitantes da cidade constituíu sempre unha prioritaria preocupación das autoridades municipais. Para a súa captura e condución realizáronse obras que constitúen inxentes traballos de enxeñería. Tamén puntos de distribución, normalmente en forma de fontes e lavadoiros públicos.

A medida que transcorre o tempo de vida da localidade urbana, simultaneamente ao incremento da densificación, aumentan igualmente as preocupacións pola comodidade, a saúde e a hixiene. No campo de infraestruturas como a pavimentación, a rede de sumidoiros, a distribución das augas, a erradicación de industrias perigosas e molestas, a eliminación de lixo, eta., será a partir de finais do XVI cando comecen aparecer sinais de cambio. Aspectos moi importantes na hixiene pública como os que tocan á traída de caudais potables e á evacuación de augas residuais, van ser obxecto de realizacións destinadas a mellorar o seu uso.

Como en calquera das entidades urbanas, en Noia o aprovisionamento de auga á vila vai considerarse como unha infraestrutura estratéxica e por ende vai ser obxecto dunha especial atención. A realización de canalizacións e coidado das mesmas, xunto coa procura dun bo estado das fontes vai estar presente como unha das principais razóns de desacougo das autoridades. Impedir o seu deterioro ou mala utilización vai ser obxecto de rigorosas normas. Nas ordenanzas da vila de 1589, dadas a coñecer polo estudoso noiés Fabeiro Gómez (1990), nun apartado dedicado aos chafarices sinálase que: *“nung<sup>a</sup> persona sea osado de rromper ni abrir por ng<sup>a</sup> parte que sea los caños del agoa de las fuentes que bienen a esta dha Villa ni sacar agua dellos ni echar en los chafarises y fuentes inmundicia ni labar rropa en ellos so pena quel que lo*

*contrario hiciere pague seiscientos mrs. Y tres dias de carzel”.*

Por informacións como esta sabemos da existencia de fontes e chafarices na vila de Noia a finais do XVI, aos que chegaba a auga por medio de canos procedentes de mananciais extramuros. O que aínda non está tan claro é o lugar concreto onde estas fontes estaban emprazadas e que recorrido seguían as canalizacións para chegar a elas. Xunto coa documentación escrita, labores de arqueoloxía urbana poden ser de singular axuda na resolución destas incógnitas.

## UN ACUEDUTO SUBTERRÁNEO PARA TRAER A AUGA Á VILA

O principal manancial que alimentaba de auga as fontes da vila e que foi sempre considerado fundamental para surtir de auga ao núcleo, era o da “*Dehesa del Rey*”. Estaba situado na periferia da vila, ao nordés da mesma, a unha distancia aproximada duns 700 metros, preto do lugar da Rasa de Abaixo. Desde este brote acuífero afastado, a auga chegaba encanada baixo terra ata a vila para fornecer de auga as súas fontes. Pola documentación correspondente á autorización para o traslado dos franciscanos ao que logo será o Campo de San Francisco (1522), sabemos da importancia que as autoridades conceden a esta condución de auga para a vila, dado que unha das condicións que figura fai referencia a que en ningún caso o novo edificio pode prexudicar aos canos de auga nin tampouco pretender tomar auga dos mesmos, dado que toda ela é necesaria para a vila, escaseando incluso no período estival: “*que auindose de edificar e facer el dicho monasterio alli con dos brazas bonauales no tomasen ni llegasen a los dichos caños con el dho. Edificio, e quedasen las dichas dos braças bonauales esentas de llegar a ellos, e que en ningun*



FORTE E PRAZA DE SAN FRANCISCO. A HISTORIA DA AUGA EN NOIA APARECE MOI LIGADA A ESTE LUGAR.

*tiempo ni en ninguna parte donde mas alce el agua que viene para esta Villa faciéndose el dicho monasterio, no llegará a ella direte ni indirete para la tomar ni procurar la tomar, porque no se la hauian de consentir por la necesidad que la Villa tiene della en ser poca en el brano y muchas veces le falta”.*

Moi interesante de cara a un mellor coñecemento das características que presentaba esa condución de auga desde o manancial da “*Dehesa del Rey*” ata as fontes da vila é a información que nos proporciona Santiago Abella (1911), quen non dubida en cualificala como: “*Una de las obras más notables y de mérito que tiene Noya y que no todos conocen ni saben apreciar*”. Na descripción que nos proporciona o autor de “*La villa de Noya. Su historia, su topografía, sus hombres ilustres*” desta senlleira obra dinos que: “*está formada de pilares de piedra de sillería de un metro y medio de largo, taladrados á barreno por el centro y machembrados y unidos entre sí por los extremos*”. En canto á súa antigüidade suxire que: “*á juzgar por lo que también surtía de agua la fuente del convento de San Francisco y estanque de la huerta, debe ser anterior al siglo XV*”.

Como ben apuntaba Abella, soamente desde o descoñecemento ou o desinterese se explica que esta parte da historia da auga en Noia fora destruída sen piedade no transcurso das obras da urbanización Barcia. Os restos daquelas magníficas conducións graníticas citadas por Abella tiveron ocasión de fotografalas apiñadas nun currucho sen que ninguén lles prestase a máis mínima atención.

## A FONTE DA ANGUSTIA E A DISPUTA POLA AUGA DO SOBRANTE

Unha das fontes ás que achegaba auga a referida condución era a fonte da Angustia, así chamada porque se ato-

paba diante da ermida da Nosa Señora das Angustias, unha pequena edificación relixiosa que estaba situada fronte á igrexa de San Francisco no solar do edificio onde hoxe figura o comercio de “Todo a cien”, antes “do butano”. Por información dada a coñecer por Fabeiro Gómez (1990), no ano de 1632 o capitán D. Vasco Romero de Sotomayor, solicitara ao Concello que se lle permitise levar a auga que se perdía das fontes da vila para a súa horta logo chamada *Quinta Fermosa*. A cambio ofrecíase para reparar os canos de pedra de “*la fuente de afuera de la Villa*” dende a ermida da Nosa Señora das Angustias, que era desde onde encamiñaría dita auga para a súa horta. As autoridades non semellan estar moi convencidas porque non vai ser ata un ano máis tarde, e logo de insistir o mencionado capitán, cando se lle outorgue escritura pola cal “*D. Vasco Romero, por sí e seus herdeiros obrígonse a reparar á súa costa o caño que conduce a auga dende a “Dehesa del Rey”, onde nacía,*




FORTE DA FANEQUEIRA. NO ANO 1856 UNHA FORTE INSTALADA NA ACTUAL PRAZA DA CONSTITUCIÓN TRASLADOUSE Á PRAZA DA FANEQUEIRA.

*ata a ermida da Angustia, punto onde se sacaría a auga para a dita horta”.*


Seguramente co fin de aforrar custos, o tal Vasco Romero vai realizar a condución da auga do sobranse por canle descuberto, aspecto que desata as protestas dos franciscanos que opinaban que dita canle impedía aos veciños acudir normalmente ao Campo e ao templo de San Francisco para escoitar misa. Por decreto de 6 de xullo de 1634 ordenouse notificar a D. Vasco Romero, que cubrira dita auga sinalándose que estaba obrigado a



FORTE DA PLAZUELA. ESTA FORTE, COLOCADA NUN EXTREMO DA RÚA CEGA, SUFRIU VARIOS CAMBIOS DE EMPRAZAMENTO.



RÚA DO REGO NO PLANO DE D. MANUEL CARBALLIDO DO ANO 1882.



RÚA DO REGO NO PLANO DE D. RAMÓN LIRA CASTRO DE 1907

ilo. Logo de varias reclamacións ante o continuado incumprimento, finalmente aceptou a cubrición da canle.

Anos despois, no ano de 1789, D. Joaquín de Lamas Sotomayor, quen da o nome de Quinta Fermosa a antiga horta da que nese tempo é propietario, sostiña varios preitos co Concello. Un deles, dinos Fabeiro (1990) por abrir certa noite unha gabia no Campo de San Francisco *“formando una cañería de piedra para introducir en su huerta porción del agua que iba por distinto sitio, propio de la Villa, que viene encañada media legua y a costa de los propios arbitrios, y allí servía para incendios, para ganados, lavar los vecinos pipas, para los concurrentes a medir potes y otras mercancías, en cuyo hecho se perjudica al común de la Villa”*.

Incluso ao longo do século XX van xurdir disputas polo disfrute do sobrante da auga deste lugar. A concesión dos sobrantes de auga do pío da referida fonte aos

herdeiros do Marqués de Monroy, vai traer unha serie de problemas que teñen que ver coas competencias na reparación das cañarías de conducción, así como nos dereitos no emprego das augas. A construción da fonte do Calvario e un surtidor na Alameda, para o que o Concello necesita derivar as augas do manancial que abastece tamén á fonte da Angustia, fai que no ano 1953 volva haber unha nova disputa entre o Concello e o propietario nese tempo da Quinta Fermosa, o Sr. Varela Radío, que reclama os seus dereitos de propiedade sobre dita auga. (García Vidal, 1991).

Como rematamos de ver, un elemento moi unido á historia da auga en Noia son as coñecidas como *“las fuentes de afuera de la villa”*, emprazadas nos arredores da igrexa de San Francisco. Descoñecemos o seu número exacto así como as características das mesmas, o que, porén, si sabemos é que foron varias veces mudadas do seu sitio. Así, por un documento de 1677 sabemos que unha fonte instalada noutra lugar da vila debe ser trasladada *“al paso de la escalera de san Francisco por la parte que mira a la villa”*, esixíndose *“que sea permanente y esté con todo aliño, con sus caños y bien cubierta”*. Coñecemos, igualmente, que a instalación da fonte actual na Angustia tómake en sesión do 22 de novembro de 1890 en que se decide *“el traslado de la fuente que se está construyendo en la Puerta de la Villa, por no estar emplazada en sitio adecuado, a la Plazuela de la Angustia”* (García Vidal, 1991).

## AS FONTES INTRAMUROS

En Noia, aparte das *“fuentes de afuera”* no espazo intramuros existían igualmente fontes ás que chegaba a auga procedente de mananciais exteriores por medio de canos de pedra. Xeralmente atopábanse en espazos abertos. Porén, non todas as prazas da vila posu-

ían unha fonte. Entre as que temos noticia, estaba unha situada na praza da igrexa, actual praza da Constitución, coñecida como fonte da Praza. En sesión de 30 de maio de 1856 varios concelleiros fan a proposta que vai ser aprobada de que *“la citada fuente de la Plaza se traslade a la de la Fanequeira por ser el lugar más apropiado”*. Por diferentes problemas xurdidos co mestre de obras o proceso de cambio vai tardar aínda máis dun ano en levarse a cabo, sendo incluso necesario o cambio de mestre de obras e a inversión suplementaria de 3.300 reais sobre o presupuesto inicial (García Vidal, 1991). Outra fonte intramuros era a da Plazuela, cunha disposición actual acarada contra unha edificación, diferente da orixinaria en que aparecía exenta.

As fontes públicas, tanto as situadas dentro coma fóra do espazo murado, cumprían a importante misión de abastecer de auga ás casas carentes de pozo

propio. Á súa vez funcionaban como lugar de encontro. Cara elas acudían as “criadas” coas súas sellas en madeira de carballo ou castiñeiro, nas que nalgún caso destacaban as iniciais en dourado que asinaban a identidade da casa, a esperar a súa quenda. Logo, unha vez rechiadas do líquido elemento, as sellas eran transportadas á cabeza ata os domicilios particulares para alí superar as varias ducias de escaleiras que conducían ata o primeiro ou segundo andar da vivenda.

O tema do abastecemento de augas ás cidades foi unha constante preocupación dos programas ilustrados que leva, por exemplo, a concellos como o de Santiago a encargarse ao arquitecto da vila de Madrid Ventura Rodríguez a realización dun sistema operativo de cañarías para a traída de augas á cidade no 1783, pois o servizo sufría frecuentes roturas pola mala calidade das materias empregadas nas cañarías. Non cabe dúbida que a preocupación ilustrada polo tema da auga na cidade, como corresponde a unha cultura arquitectónica e urbanística orientada cara ao progreso e a felicidade do pobo, influíu positivamente no favorable arranxo dos problemas que dificultaban un fácil acceso á auga.

A principios de XIX a hixiene pública e a traída de augas, continúan os programas ilustrados. Nos anos iniciais do século repárase a obsoleta rede de condución de augas e como medida hixiénica complementaria vai levarse a cabo un programa de construción dunha rede pública de sumidoiros, evitando o estancamento das augas sucias nas rúas. A medida que o século XIX avance suscitárase tamén a construción dalgunhas fontes.

A partires do século XIX debido ao crecemento urbano foi necesario incrementar e ampliar as obras de enxeñería para o abastecemento da auga. En case todas as cidades foi necesario construír canalizacións e depósitos. Por regra xeral estes colocáronse na periferia, nas cotas axeitadas para a posterior distribución das augas por gravidade á cidade. Logo da guerra civil, a xeneralización do cemento converteu xeralmente estes depósitos en simples paredes sen a menor preocupación monumentalista. En Noia, non será ata moi avanzado o século XX cando se inicie a distribución directa por tubo ata as vivendas logo de construída a primeira traída de augas no lugar de Ponte.

Estamos tan acostumbrados a ter billas nas nosas casas, e a poder obter deles toda a auga que necesitamos, que non somos conscientes do preto que están os tempos en que carecíamos de tan senlleiro privilexio. En realidade,



ANTIGA CANALIZACIÓN DESCUBERTA NO  
TRANSCURSO DAS OBRAS DE SANEAMENTO E  
PAVIMENTACIÓN DA RÚA RODRÍGUEZ  
CADARSO, ANTES RÚA DO REGO.

os nosos fillos constitúen a primeira xeración que naceu no acomodo da auga corrente e cuartos de baño xeneralizados nas vivendas. Como se dixemos, onte.

## A ANTIGA RÚA DO REGO

Sinalaremos para rematar, a importancia que determinados nomes antigos referidos a espazos da vila teñen de cara a facilitar un mellor coñecemento histórico da mesma. Na antigüidade os poboadores dan nome ao rueiro en función dunha variada casuística. A veces o nome refire o ruralismo presente nunha cidade que medra moi rápido: *Corredoira de Adentro, Corredoira de Afora, Campo de San Francisco,.....* Outras veces, os nomes das rúas aparecían relacionados con costumes, tradicións ou actividades que nelas se desenvolvían: *Peregrina, Cuncheiros, Besteiros, Mazacáñamos, Carnicería, Ferrador,....* Con frecuencia, moitos destes primitivos nomes foron mudando no tempo substituídos por outros; pero en moitos casos o éxito do cambio foi soamente parcial, pois o recordo do nome antigo segue instalado con forza na memoria das xentes (é o que sucede, por exemplo coa Corredoira de Afora apenas recoñecida como Luís Cadarso). Pola contra, noutros casos, o nome orixinario esvaiuse completamente e apenas queda memoria de seu. Neste último caso atópase o nome dunha rúa moi relacionada co tema da auga que rematamos de referir: a rúa do Rego.



CANALIZACIÓN DE AUGA NUNHA RÚA EN TUI.

Antes do século XIX nalgunhas rúas existían conducións de auga en certos tramos (non era norma do urbanismo galego preindustrial) en forma de canalizacións, case sempre regos abertos na superficie. Na maioría dos casos estes regos consistían en conducións de sobrantes de auga dunha fonte. Tamén servían para conducir augas das chuvias cara ao mar. En Noia, a rúa travesa colocada na traseira do edificio do Casino, rebautizada cos nomes de rúa do Asasino e rúa Rodríguez Cadarso, coñecía antigamente co nome de rúa do Rego, porque este elemento de transporte de auga singularizaba coa súa presenza este vieiro secundario da vila. Así se pon de manifesto no plano de D. Manuel Carballido, director de camiños veciñais da circunscrición de Noia, que comprende a aliñación do Campo de San Francisco, Porta da Vila e Riveiro Grande, realizado por encargo da Corporación noiesá no ano de 1882, no que aparece claramente grafado o nome de Rego para denominar a rúa en cuestión. A destacar igualmente, pola súa vinculación coa canle de auga, a presenza dunha fonte que existía na Porta da Vila, xusto en fronte da mencionada rúa. Igualmente, no plano de Noia de 1907 realizado por Ramón Lira Castro, figura tamén a rúa do Rego; porén, a fonte da porta da vila xa fora trasladada, posiblemente ao lugar da Angustia. Tamén Santiago Abella no seu “La villa de Noya. Su historia, su topografía, sus monumentos y sus hombres ilustres” (1911), cando describe o trazado da muralla que no pasado pechaba a vila di: “...y seguía por frente al palacio del conde de Malvar, Espolón y solares que le siguen (hoy “calle del Rego”).

Nestes días en que se están levando a cabo as obras de remoción das rúas do casco histórico, o antigo rego en pedra que dera nome a esta rúa saía á luz. Non se considerou oportuno conservar ningún vestixio do mesmo e foi totalmente destruído.

# Historia

## 25 anos despois: A noite do 23-F no Casino



Xerardo AgraFoxo

Agora que o tenente coronel Antonio Tejero abraza as teses autonomistas do Partido Popular, cuxos dirixentes camiñan fachendosos nas manifestacións a carón dos representantes máis conspicuos da Falanxe Auténtica, talvez conveña contar o que sucedeu nesta vila hai 25 anos: o 23 de febreiro de 1981.

¿Que pasou durante aquelas inquietantes horas nas que os congresistas estiveron baixo a vixilancia da Benemérita? ¿Que tipo de movementos se produciron para evitar a represión ante un posible triunfo da conspiración militar?

A pesar do tempo transcorrido, aínda se descoñecen moitos datos. Durante anos circulou pola vila a idea dunha lista confeccionada polos sectores máis reaccionarios do concello. A Sociedade Casino, niño de falanxistas durante a Guerra Civil e o franquismo, foi sinalada como o lugar onde se reunirán algúns partidarios da intentona reaccionaria ¿Que hai de verdade sobre aquela reunión na decadente sociedade? ¿É certo que algúns simpatizantes do anterior réxime confeccionaron unha lista represiva?

A partir do libro *CRÓNICAS DUNHA DEMOCRACIA (A TRANSICIÓN POLÍTICA EN NOIA. OS DOUS MANDATOS DE DÍAZ FORNAS)* rescatamos os testemuños proporcionados por algúns dos protagonistas políticos daquela incerta época. **Bieito González Domínguez** –sindicalista da

ING e máis tarde alcalde de Noia (1992-1995)– explica como se desenvolveron os seus pasos ante a gravidade dos acontecementos xurdidos naquelas horas de máxima expectativa:

*Tiñamos unha responsabilidade sindical e actuamos realizando manobras de supervivencia. Eu daquela traballaba na Serra. Cando se coñeceu a*



O TRIUNFO DO GOLPE DE TEJERO LIQUIDARÍA A DEMOCRACIA MUNICIPAL REFLECTIDA NESTA IMAXE. FUCO OVIEDO E XERARDO MIGUÉNS, COMPOÑENTES DA MESA IDADE, PROCLAMAN O TRIUNFO DO PSOE NOS PRIMEIROS COMICIOS LOCAIS. NOIA, 16 DE ABRIL DE 1979.

*noticia falei con Agapito e comenteille o que pasaba. El era escéptico. Non cría o que estaba sucedendo en Madrid. Entón pensabamos que había que quitar dos locais os ficheiros onde aparecían os socios do sindicato. Foi Agapito con Xocas para recoller o material e coido que o enterraron nun monte preto da súa casa.*

*Esta foi a miña intervención máis directa sobre este asunto. A nivel de organización só se fixo esta actuación. Coido que Manolo Barreiro colleu a tenda de campaña e pernoitou esa noite no monte. Díxose que a rúa onde eu vivía fora vixiada por un falanxista de Noia. Ao domingo seguinte repartimos un panfleto polas rúas de Noia.*

*Despois tivemos unha xuntanza no local do partido e realizáronse duras críticas contra o noso concelleiro por agocharse aquela noite. Coidamos que debía presentarse no concello para realizar unha Xunta de Defensa Local. Estar ao pé do canón como membro electo democraticamente. A crítica a encabezara Xoán Mariño, pero no foi a tese maioritaria na asemblea. Máis tarde Manolo Barreiro dimitiu, pero non foi por culpa do 23-F senón pola crise fraccional da UPG. El, naquel momento, era da UPG.*

*Aquela tarde noite do 23-F un Land Rover da Garda Civil patrullou por diante do Casino. Mesmo*

*se especulou que nesta sociedade houbera unha reunión de antigos dirixentes franquistas. Na horta da Garda Civil tamén se queimaron documentos aqueles días.*

**Bieito González Domínguez**

**Manuel Barreiro Ulloa** –entón concelleiro nacionalista na corporación noíesa– comenta como soubo do intento de golpe de Estado e como reaccionou axiña ás noticias que chegaban de Madrid se confirmaban. No seu testemuño confirma a existencia dunha estraña reunión no Casino:

*Souben do intento de golpe de Estado mentres estaba impartindo clases de inglés na casa. Avisoume miña irmá Mari Carmen. Deixei as clases e intentei poñerme en contacto cos dirixentes da UPG a través do teléfono do Liceo. Preto da sociedade encontreime con dous gardas civís, que me coñecían porque neses días fora ao cuartel a denunciar a desaparición dun mestre que daba clases no Colexio de Lousame. Pre-*



XESÚS DÍAZ FORNAS, LOLA RODRÍGUEZ CAAMAÑO, XOSÉ MOAS PAZOS E MANUEL BRAVO HORTA ERAN OS LÍDERES DO PSOE EN NOIA NA ÉPOCA DO 23-F.

gunteille a un deles polos acontecementos de Madrid, e díxome: “**Sei o mesmo que vostede**”.

A partir deste encontro marchei para a casa. Miña nai, que estaba moi nerviosa, marchárase para a casa de miña irmá Marita e Emilio. Cando cruzaba unha rúa atopeime con Suso e Lola que viaxaban nun R-8 amarelo. Pararon o coche e díxéronme: “**Manolo vente con nós que nós imos á casa que ten Pose en Ribasieira**”. A idea deles era nun principio subir ata aquelas paraxes da montaña. Pero eu entendía que me sería máis doado refuxiarme nos montes de Vista Alegre porque os coñecía moi ben e sabía das covas e galarías onde podía acubillarme. Despois díxome Manolo Sementeira que viñera buscarme á casa.

Á mañá seguinte saín da casa para mercar os xornais. Serían as oito e aínda non chegaran. Entón vin a carón do Casino a varias persoas identificadas coa Falanxe. Entre elas estaba Eduardo Ronquete, Penalta e o perruqueiro Xoán Santos. Saudáronme con certa sorna. Mellor cunha certa desfachatez, como dicindo: “**Desta vez salvástete**”.

Esta foi a miña conclusión. Despois comentouse que tamén asistirían a aquela sospeitosa reunión outras persoas da vila identificadas co franquismo. Falouse dun determinado funcionario: un ex concelleiro en tempos de Busto. Espalláronse moitos rumores sobre a implicación de determinadas persoas nunha posible represión no suposto caso de que o golpe triunfase, pero quedaron en simples comentarios. Tamén se falou dunha lista de persoas a eliminar, pero evidentemente os nomes non transcenderon. A lista coido que sería oral. Nela estaríamos Suso e eu.

Semanas despois souben que algúns membros do partido socialista refuxiáranse nunha casa do Couto. Eu estivera toda a noite á expectativa. Sempre coa idea de buscar o acubillo do monte de Vista Alegre.

**Manolo Barreiro Ulloa**

Pola súa parte, o que era alcalde socialista Xesús Díaz Fornas, ademais de comentar a existencia dunha lista represiva no Casino, informa das decisións tomadas ante un posible éxito da conspiración militar:

Eu estiven todo o tempo preto de Noia. O día do golpe de Estado avisoume unha persoa de Noia que tiña un importante cargo. Avisoume que tomara medidas drásticas no tocante á miña seguridade. Despois avisei a unhas persoas para queimar os documentos dos membros da UXT e do PSOE. Queimamos estes documentos para evitar represalias, pero foi un erro pola destrución que fixemos dos nosos arquivos. Antes de partir da vila recibín outra chamada dunha persoa do concello identificada coa dereita. Coido que foi unha chamada sincera. Avisoume dos problemas que podían xurdir na vila.



LOLA ARXÓNS, LOIS AGRELO E BIEITO GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, TRES NOIESES IDENTIFICADOS COA IDEOLOXÍA NACIONALISTA PERSEGUIDA POLOS CONSPIRADORES.

*Viñeron comigo outras persoas do partido. Cando marchabamos encontrámonos con Manolo Barreiro que, por certo, para nosa sorpresa, díxonos que tiña pensado falar coa garda civil. Tiñamos a previsión de volver a Noia por se había movementos a favor do golpe de Estado. No suposto caso de que triunfase a sublevación tamén tiñamos previsión de fuxir por mar, tal como fixeran os republicanos cando o golpe do 36.*


*Souben despois de que houbera unha reunión no Casino. Por unha persoa que tiña un cargo importante na vila e estivera alí podo afirmar que a idea que se trasladou máis tarde, no sentido de que se fixera unha lista para eliminar a xente de Noia, non era unha patraña. A lista fíxose, e nela estaban, ademais do alcalde socialista, Moas, Brenlla, Manolo Sementeira e Fuco, entre outros. A persoa que mo dixo é xente seria e responsable, tiña un cargo importante no concello pero non podo dicir o seu nome para non comprometela. Sabía do que falaba porque el estivera alí, viu como colocaban diferentes nomes na lista e mesmo se enfrontara a eles. El viu a lista. Confírmome o que todos sospeitabamos.*

**Xesús Díaz Fornas**

**Xosé Moas Pazos**, que durante estas xornadas era primeiro tenente de alcalde, ofrécenos a súa visión dos acontecementos. Tamén a posible identidade da persoa que lle informou ao primeiro rexedor da confección da lista represiva nun salón da Sociedade Casino:

*Eu estaba en Santiago, na secretaría do partido socialista, situada na rúa Romero Donallo, cando se produciu o intento de golpe de Estado de Tejero. Entre outros, estaban comigo Ceferino, Martínez, Paco Vázquez e Jano. Soubemos da entrada dos militares no Congreso, a través dunha radio que había nun despacho, e baixamos ao bar “Camionero” para ter máis noticias. Dende a sede de Madrid confirmáronnos a perigosidade da situación que se vivía na capital. Entón agochamos os documentos máis comprometedores na casa dun coengo de Santiago, que era tío dun dos militantes socialistas alí presentes, porque as nosas oficinas xa estaban controladas por dous números da Garda Civil.*

*Suso quixo poñerse en contacto comigo, pero dende Madrid nos recomendaron que cegamos os teléfonos. Cada un de nós intentou logo pasar a noite como puido. Eu escondín algúns documentos no cuarto dun sanatorio de Santiago, onde estaba recuperándose un familiar.*



XOSÉ MOAS PAZOS (PSOE) ERA TENENTE DE ALCALDE DE NOIA CANDO SE PRODUCIU O GOLPE DE TEJERO.

*Mentres tanto no Casino, varios dos seus socios, identificados cos sectores máis reaccionarios do concello, estiveran a facer unha lista represiva. Querían eliminar a xente da esquerda e aos representantes políticos máis destacados. Nos primeiros lugares estaban Suso e eu. Logo outros compañeiros socialistas e os do Bloque. Mesmo nomearan a Fernando Mariño como xuíz instructor, para, no suposto caso de que a cousa fose arriba, actuar en consecuencia. Coido que a Suso avisáralo Manolo, o xuíz do concello. El soubo da lista e das intencións dos que se reuniran durante a noite nun salón da sociedade. Seguramente foi el quen lle avisou a Suso, intentando despois alertarme a min. Os do Casino tamén chegaron a poñer ao xuíz na lista, talvez por enfrontarse a eles. Coido que Díaz Fornas fuxiu para unha casa do Couto porque o xuíz lle avisara das intencións dos do Casino.*

**Xosé Moas Pazos**

Algunhas persoas fuxiron pola raia portuguesa. Outras quedaron agochados nas aldeas e montes preto das súas casas. Unha das persoas que marchou da vila foi o nacionalista **Moncho Caamaño Mariño**:

*Souben da intentona de golpe de Estado pola radio, cando me dirixía a buscar aos fillos a unha gardaría. Levei os rapaces para a casa da miña nai na Ponte de San Francisco e volvíñ a Noia. Pero non vin a ningún do partido. Fun por algunha taberna para tratar de poñerme en contacto con Bieito ou con Fuco ou con alguén do partido pero non os encontrei. Era un momento de incertidume e non se organizara nada para evitar unha posible represión. Non era fácil atopar coa xente do teu bando naquel intre. Todo sucedera moi de súpeto.*

*Foi un momento crítico, porque logo souben que algúns persoeiros da vila brindaran con champán no bar Marina baixo o berro: ¡ESTA ES LA ESPAÑA QUE QUERE-*

*MOS! Os máis falanxistas do Casino fixeran unha lista para eliminar a xente do concello. Coido que, segundo informara despois EL PAÍS, nela estaban Pepe Agrelo e Moas. Con eles iríamos por diante outros. Durante as primeiras horas da noite estiven na casa onde vivía Manolo Sementeira preto do Peirao do Marqués. Despois fuximos no seu Land Rover para unha finca que el tiña no Obre. Aínda que escoitamos pola radio o discurso do Rei non nos fiamos e non saímos de alí ata o día seguinte.*

**Moncho Caamaño Mariño**

Tal como di este militante do BNG, **Xosé Agrelo Hermo** apareceu nalgunha das listas que publicarían algúns medios de comunicación. ¿Cal foi a súa experiencia cando soubo da intentona militar no Congreso dos Deputados? :

*Na tarde dese día, despois de chegar da clase, pecheime no meu cuarto de traballo para ler un pouco, cando a miña muller interrompeume, alporizada, para comunicarme o intento de golpe de Estado. Á vista da gravidade dos acontecementos -a radio só transmitía música militar- inmediatamente, como responsábel que era da AN-PG organiciei todo para poñer a bo recado os arquivos da organización e sobre todo o ficheiro dos militantes. A experiencia dunha longa clandestinidade axudou moito a contro-*



XOSÉ AGRELO HERMO (ESQUERDA), CONCELEIRO NACIONALISTA EN MUROS, FIGUROU NALGUNHA LISTA REALIZADA POLOS SIMPATIZANTES DO TENENTE CORONEL TEJERO.

lar a situación; funcionaron os teléfonos que coñecía para ser usados en situacións coma esta, sempre a través de cabinas públicas, pois había algúns “pinchados” pola policía; un militante de base encargouse de agachar a comprometedor documentación nun lugar que el, e só el, coñecía co fin non soamente de poñela a salvo dos inimigos senón de recuperala no seu día, como así ocorreu.

Ás 8 da tarde, como todos os días, baixei á tertulia da taberna que tiña por costume. Os bares estaban en Esteiro ateigados de xente que falaban en corrillos, en voz baixa, mentres ollaban de esguello para o aparello de TV. A miña chegada ao bar e conseguinte recorrido de “tazeo” acostumado foi todo un exemplo de bonhomía dun pobo: os amigos e contertulios de sempre e moita máis -xente apolítica a maioría dela- rodeáronme e acompañáronme toda a noite até que apareceu o rei na televisión e deu a sensación de que aquilo era o principio da fin da aventura de Tejero e compañía. Aqueles esteiráns que, pasada a medianoite, me deixaron na porta da casa, ofrecéndose a facerme garda até o amencer, terán sempre un lugar especial no interior do meu corazón.

**Xosé Agrelo Hermo**

O xuíz de Noia naquelas incertas datas era **Manuel Fernández López**. Sobre a reunión dos camisas azuis do Casino na noite do 23-F, explica como se comportou axiña soubo da entrada dos gardas civís no hemiciclo do Congreso:

*Eu souben da intentona de Tejero pola radio, cando estaba redactando unha sentenza na miña casa. Lembro que me asomei a unha fiestra, despois de escoitar os disparos dos gardas civís, e vin no malecón a Díaz Fornas. Subeu a miña casa e escoitou preocupado as noticias que procedían do Congreso dos Deputados. A partir dese intre, el localizou aos seus compañeiros de partido para poñerse a resguardo no suposto caso de que a intentona de Tejero triunfase. Despois falouse de que os máis reaccionarios do Casino fixeran unha lista e mesmo brindaran con champán, pero eu quedei todo o tempo na casa. Matinando nos rúidos e nos recordos, pensei nos meus*



MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ, XUIZ DE NOIA, E XESÚS DÍAZ FORNAS, ALCALDE DO CONCELLO, ACOMPAÑADOS POLAS FORZAS MILITARES DIANTE DO EDIFICIO DO CONCELLO.



ANO 1981, UNS MESES DESPOIS DA LONGA NOITE. MULLERES DE NOIA RETRATADAS COA SOCIALISTA CARMEN ROMERO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA VILA.

*amigos e adoptei algunha precaución. Metín debaixo da almofada unha pistola que empregaba para tirar ao branco. Non é certo que estivera no Casino. Coido que o asunto da lista foi unha dedución que se realizou coñecendo a algunhas das persoas do Casino. Eles consideraban que eu era un roxo, incluso me criticaban porque entraba na biblioteca co xornal EL PAÍS. Dicían que lía un panfleto impresentable. Tan pronto se produxo a entrada de Tejero no Congreso dos Deputados pensei naquela xente. Coido que eran, sobre todo, unha banda de ignorantes. Tan ignorantes que se converteran no símbolo dunha época trasnoitada. Aínda que nunha noite, calquera pode facer dano.*

**Manuel Fernández López**

Catro días despois do fracasado levantamento e amansados os ánimos do foco reaccionario reunido no Casino,

a corporación municipal reuniuse nunha sesión ordinaria no salón de plenos do concello. Nesta xuntanza aprobouse unha moción na que se condenaba enerxicamente as actuacións involucionistas, pedíase a adopción de medidas oportunas encamiñadas ao esclarecemento dos feitos e defendíase “*la consolidación de la democracia, cuya soberanía reside en el pueblo y en su organización representativa*”.

Despois de 25 anos daquela traumática experiencia, algúns dos conxurados nos salóns azuis da decadente sociedade aínda permanecen no anonimato. Por este motivo moitos interrogantes quedaron sen aclarar e certos datos silenciados, pero os nomes dalgúns dos representantes políticos e sindicais de Noia aparecerían nas listas de depuración que publicarían anos máis tarde os diferentes medios de comunicación. Para un historiador contar o sucedido non significa soamente lembrar a noite máis longa da nosa democracia, senón imaxinar as consecuencias daquel feito tan arrepiante que mesmo levou a algúns dos fuxidos a protexerse con escopetas de caza. O medo ao sucedido no 36 aínda permanecía presente na memoria. Felizmente non pasou nada, pero se o golpe triunfase talvez o Casino aínda estaría aberto e controlado polos simpatizantes daquela “banda de ignorantes”.  
DESCANSEMOS EN PAZ.



Victor Vez Vilar

# Pinceladas sanitarias

## A primavera o sangue altera

Coa chegada da primavera, a natureza troca de forma significativa: prodúcese unha eclosión de cores, aromas e mesmo maxia pasional. As horas de luz aumentan de xeito considerable e os raios solares comezan a quentar.

Pero toda esta beleza pode volverse contra nós e provocar algún que outro trastorno de saúde mais ou menos importante:

Dende a simple “astenia primaveral” até outros problemas de mais entidade.

- Aumentan as infeccións de pel causadas por fungos.
- Os casos de asma bronquial ou bronquite alérxica debido a abundancia de polen na atmosfera<sup>1</sup>.
- Aumenta a frecuencia de casos de rinite alérxica, farinxite alérxica, larinxite alérxica.
- Aumentan os casos de infeccións gastrointestinais bacterianas, como as disenterías .

Pero quizás os mais coñecidos sexan, a chamada “astenia primaveral” e as alerxias, nas súas diferentes manifestacións.

### A ASTENIA PRIMAVERAL.

Un dez por cento da poboación padece en maior ou menor medida a chamada “astenia primaveral”.

A astenia é definida por diferentes autores como “un estado patolóxico duradeiro, que aparece e persiste en ausencia de esforzo inhabitual e que mellora moi pouco ou nada co descanso (a diferenza da fatiga ou cansazo que si mellora co descanso)”.

Síntomas:

- Tristeza inexplicable.
- Irritabilidade.
- Falta de apetito.
- Certa perda de memoria.
- Tensión arterial baixa.



- Tono vital baixo.
- Ausencia de interese sexual.
- Dor de cabeza e malestar xeral.
- Debilidade muscular para facer calquera esforzo.
- Cansazo.

En resumo: unha sensación de debilidade e falta de vitalidade xeneralizada, tanto física como intelectual, que reduce a capacidade para traballar e incluso realizar as tarefas mais sinxelas.

Este trastorno de saúde pódese presentar en calquera época do ano inda que, parece ser, que en primavera a frecuencia dos casos é maior, chegando a ese 10 por cento da poboación que antes citabamos.


As persoas afectadas adoitan presentar claros síntomas de fatiga durante esta estación. As causas deste fenómeno non se coñecen con exactitude pero pénsase que poden estar relacionadas co cambio climatolóxico.

Efectivamente, o aumento das horas de luz e o incremento da temperatura ambiente, forza ao organismo a unha adaptación que, en persoas propensas, pode desencadear este padecemento.

Por outra banda en situacións de estrés, a ansiedade provocada polas dificultades da vida ou unha situación de depresión, poden tamén provocar a aparición deste molesto trastorno pasaxeiro.

Este tipo de astenia, é de carácter leve, e presenta unha sintomatoloxía

<sup>1</sup> Ver artigo Revista Alameda N°. 19



pouco alarmante e de corta duración. O normal é que remita ao cabo duns días sen precisar tratamento algún. No caso de non desaparecer en poucas semanas, o máis conveniente é acudir ao médico para que descarte outra patoloxía de maior importancia.

Unha característica definitoria deste tipo de astenia é que, curiosamente, non aparece despois de realizar un gran esforzo, como sería o normal, se non que maniféstase cando desenvolvemos aquelas actividades que marcan o noso día a día, incluso as máis sinxelas. Inda máis, a astenia pode manifestarse de forma constante, sen que fixeramos ningún tipo de esforzo.

Outra curiosidade: A astenia primaveral é máis frecuente nas mulleres que nos homes.

Como queda dito, este trastorno é leve e debe desaparecer en pouco tempo, a súa persistencia pode orientarnos cara unha orixe de tipo orgánica, como alteracións cardíacas, pulmonares, infeccións de todo tipo e outras moitas. Nestes casos debe se-lo Médico (e unicamente o Médico) o que estableza o diagnóstico e tratamento correspondente que irá máis orientado cara a orixe da astenia que a esta en si.

Cando a astenia non ten unha causa orgánica coñecida hai que intentar aliviar ou diminuí-los síntomas.

Unhas sinxelas normas hixiénicas solucionarán o problema:

- Respetar as horas de sono.
- Realizar exercicio físico moderado.
- Levar una dieta san e equilibrada.

- Evitar os excitantes: tabaco, alcol, café etc.
- E mesmo practicar exercicios de relaxación.

¡Olo!: Non utilizar en ningún caso, suplementos vitamínicos ou de minerais sen consello médico.

Estes suplementos, as veces máis comerciais que rigorosamente científicos, *non poden en ningún caso transformar unha dieta pouco equilibrada en saudable.*

Si a sensación de cansazo se prolongase durante máis de seis meses, cousa pouco frecuente, e no existise ningún problema físico nin psicolóxico que poda se-lo causante deste estado, é posible que se trate dun caso de fatiga crónica. Esta enfermidade ten una evolución a longo prazo e, inda que presenta mellorías e remisións, entraña un alto grado de incapacidade física para levar a cabo as actividades correntes .

## AS ALERXIAS

Tamén a primavera é época propicia para a exacerbación de certas manifestacións alérxicas<sup>2</sup>.

Compre subliñar sen embargo que, como no caso da astenia, esta no é unha patoloxía exclusiva desta época do ano.

O que ocorre é que a presenza de polen (entre outros factores desencadeantes) fai que certas persoas sensibles aos alérxenos transportados polo ar, respondan con manifestacións clínicas como: Asma bronquial ou bronquite alérxica, rinite alérxica, farinxite alérxica, larinxite alérxica, etc. (Sen descartar outras manifestacións alérxicas como por exemplo, algúns tipos de alteracións cutáneas) .

A máis frecuente destas patoloxías é a rinite alérxica.

A **rinite**, en xeral, é una enfermidade que afecta á mucosa nasal e produce espirros, proído, obstrución, secrecións nasais e mesmo falta de olfacto. Adoita ser moi persistente e dar síntomas a cotío, inda que, dependendo da causa da inflamación, pode dar síntomas so en temporadas concretas. (rinite alérxica)

Se a rinite aparece perante todo o ano, clasificaríase como perenne: pode estar causada por ácaros, fungos, epiteliolos de animais, etc.

Cando se presenta en calquera época do ano, denomínase **aperiódica**: e asemade pode estar causada por fun-

2 “Unha alerxia é una resposta exaxerada do noso sistema inmunolóxico fronte a calquera sustancia estraña que considera potencialmente perigosa. O organismo pon en marcha unha serie de mecanismos de recoñecemento, detección e produción de anticorpos para combater os axentes invasores. Cando o número de anticorpos é exaxerado prodúcese unha reacción alérxica”.

gos, epitelios de animais, ou alérxenos relacionados coa profesión ou ambiente frecuentado polo doente.

A rinite chamada **estacional**: pode estar causada por polen de gramíneas, polen de piñeiro, etc. etc. en xeral calquera planta pode desencadear a enfermidade se a persoa é sensible a ese polen.

Ante un caso de rinite alérxica a primeira medida sería identifica-lo factor causante. Algunhas persoas, ao cabo do tempo, establecendo unha relación causa/efecto, chegan a identifica-lo responsable do seu padecemento. Non obstante o lóxico é acudir a un servizo especializado (Serv. de Alergoloxía) para que o Médico Especialista, por medio de determinadas probas, estableza a causa da alerxia.

Existen tratamentos médicos: dende as mal chamadas vacinas (o nome apropiado sería “Antíxeno desensibilizante”) até medicamentos “antialérxicos” que (sempre insistiremos neste) debe utilizarse *unicamente baixo receita médica*.

Polo que respecta ao enfermo, a primeira medida que debe adoptar é, evita-lo alérxeno: non ter na casa ou vivir preto da árbore ou a planta que lle afecta (ou, no seu caso, animais como gatos, cans etc.).

Claro que esta recomendación moitas veces non é doada de seguir, dada a natureza dos alérxenos. Por exemplo, ¿Como evita-lo polen se un vive nunha cidade ou no campo onde medran as árbores produtoras do polen que nos afecta?

Hai outras medidas como por exemplo, utilizar gafas de sol, mante-las fiestras da casa (hai filtros especiais para poñer no canto das persianas) e do coche pechadas en épocas críticas, lava-lo cabelo antes de deitarse a durmir, etc.

E referente aos tratamentos médicos, o que xa mencionamos: A Desensibilización (o Inmunoterapia), que se reserva a pacientes con alerxias severas e que non responden á medicación.

Inxéctanse cantidades de alérxeno cada vez superiores para inducir certa inmunidade cara o alérxeno causante.

É un proceso largo e non exento de riscos, polo que debe ser administrado por persoal cualificado e sempre nun centro sanitario.

No que respecta á terapia medicamentosa, compre mencionar os **antihistamínicos** (xeralmente de administración oral: pílulas).

Os **desconxestionantes** que reducen a inflamación dos tecidos do nariz, o que axuda a respirar con máis facilidade. Iso si, tratan os síntomas pero carecen de efecto



sobre a orixe do problema polo que non o resoven Aplícanse a través de gotas ou spray.

Non están exentos de efectos secundarios polo que, baixo ningún concepto deben usarse indiscriminadamente e sen supervisión médica.

Hai outros recursos terapéuticos como por exemplo, os corticoides tópicos que paralizan a liberación de histamina, pero, insistimos unha vez mais, deixemos que sexa o Médico o que aconselle o seu uso.

## RESUMO

Este máxico espertar da natureza, non ten a mesma incidencia en tódalas persoas por igual: para uns sería gozar da contemplación de xardíns floridos, do clima, do amor..... e para outros, das alerxias.

Pero non debemos desesperar: Unha “astenia primaveral” non é nada de importancia, trátase unicamente dunha deficiente adaptación do noso organismo aos cambios que se producen coa chegada desta estación.

O das alerxias, xa é outro cantar. Pero de tódolos xeitos, sempre poderemos confiar na ciencia moderna que, non o dubidemos, aporta en cada caso a solución mais adecuada.

O que nunca deberemos é minimizar estes problemas e procura-la solución pola nosa conta.

Gocemos da primavera e preparémonos para o verán, que tamén ten repercusións sobre a nosa saúde... pero ese será tema doutro artigo.

# A música é cultura: que se espalle!



*Agustín Agra Barreiro*

*despois... só silencio*

*Hamlet, príncipe de Dinamarca*

**E**rased unha vez, como nos contos das crianzas, unha Vila con un tan alto grao de cultura e sensibilidade no eido musical que o fúu-uú dos semáforos non só cumpría co primordial obxectivo de avisar aos posibles cegos e curtos de vista que se atopasen aos seus pés, e non fosen quen de albiscar ao monequiño verde, senón que, mesmo podía avisar aos xordos de nacemento, e era posíbel escoitalo á incríbel distancia (para un semáforo) de máis de 200 metros.

Quizais un dos piares incuestionábeis para o acadamento dese nivel cultural, aínda que hai quen se atreva a chamarlles pailáns, estea nalgún dos desinteresados veciños condutores. Tan só precisan, ademais da boa vontade, para o seu altruísta comportamento, dun instrumento tan normal nas nosas vidas como é... un vehículo a motor. Logo, tan só han de premer a fondo o acelerador do tropecentas válvulas que xa o tubo de escape se encarga do resto. Ou aínda máis sinxelo e eficaz: poñer a tope o volume da *arradio*, baixar o cristal, agardar que os altosfalantes cumpran coa súa benéfica misión e se encarguen de compartir con todos nós o seu chunda-chunda. Ou txunda-txunda? Vergoña debería darme non ser quen de escribir sen dubidar a onomatopea sendo da Vila da que son.

Altofalantes nas rúas con música ambiente para todos, comunal aula de música, e gratuíta! Doado e enxeñoso! Fío musical até o último veciño, universal! Especialmente agradábel no verán, cando, coa calor, xa apetece abrir as xanelas e, de paso, escoitar esas melodías polas que, por mor do frío, andamos devecendo todo o inverno.

Panxoliñas no nadal, este ano eran catro o seu número, que repetían de forma cíclica, todo o día en horario comercial. Non importaba cal fora a túa opción relixiosa, mesmo os agnósticos podían gozar delas sen exclusión ningunha. Que máis alta demostración de civilidade cabe que a non discriminación por motivo relixioso?, todas as crenzas con dereito a escoitalas. Por suposto rematamos sabendo de memoria a lección, mesmo podíamos cantalas polo baixo.

Sigamos a honrar aos nosos santos con orquestras e foguetes. Non durmamos, para que?, e bailemos polas noites até as catro, ou máis tarde se aguantomos. Espantemos ás oito aos paxaros (non é, como o dos touros, crueldade innecesaria) co estrondo dos petardos da alborada, un día si e outro tamén, e así todo o verán. Moitos cartos para orquestras, dúas por noite e toda unha semana a poder ser. Cartos, moitos cartos, ben empregados abofé! E aínda vos hai quen segue neste 2006 (terá orellas na vez de oídos?), a se queixar por non ter depuradora e polos cortes decontino no abastecemento da auga (nos primeiros 45 días do ano tan só seis). Depuradora?: non grazas! Que continúe a nosa merda a acadar a ría (non o leva a facer os últimos 2000 anos? Para que logo tanta presa?), xa a ameixa e o berberecho se encargarán de filtrala, xa os comeremos nos a eles na empanada, que todo, ao final, volve a casa. Gocemos da vida! Aforremos os cartos para orquestras, que moi preto anda o verán, e para os soldos dos liberados do concello que con tanto celo miran por nós, ben se ve (ou escoita, debería dicir).

Tranquilos todos. Andan os nosos políticos tan desvelados por nós como corresponde ao seu cargo, máis non polo ruído nocturno (coma nós), senón por promover a que é, e debe ser, con razón, a súa máxima: **a música é cultura, que se espalle!** Aínda que está claro que non son eles os que viven a carón ou mesmo enriba dos pubs ou das rúas da movida, é indubidábel o seu compromiso. Acredítade, mentes estreitas!, e non cuestionedes máis a súa boa fe: permisos de apertura ... para que? tan só sería un poñer trabas na construción dos nosos espíritos artísticos. Un pub évos un centro de aprendizaxe e o seu interese cultural indiscutíbel, non o vedes? Insonorización? O que? Sería inadmisíbel, antidemocrático pretender o seu uso en exclusiva para uns poucos. Que se propague o seu son o máis posíbel, que chegue mesmo ás nosas casas, aos nosos cuartos, que atravesese os tapóns que usades para os oídos. É doado (avante toda!): máximo volume e portas abertas, bafles na entrada do local cara a fóra. Que sorte que non se lles faga cumprir coa estricteza obrigatoriedade da dobre porta! Dificultaría tan seriamente a propagación do son! Que fácil corroborar a veracidade do que estades a ler, a súa desinteresada colaboración na nosa formación! Comprobádeo calquera sábado, este mesmo, saíde, acreditádeo por vós mesmos.

As vomitadas nas vosas portas, os vidros ateigando a ría, as escacheiras de mobiliario público (contedores de lixo, papeleiras, marquesiñas, que sei eu...), que todos pagades, por un valor de millóns de € anuais, os gastos nos servizos de limpeza, que así mesmo tamén pagades... Tranquil@s tod@s, iso non é máis que un mal menor, pequenos inconvenientes necesarios (danos colaterais, xa sabedes). Non vos fagades mal sangue, no fondo (abisal) redundante no voso ben, tede fe na sabedoría dos vosos infalíbeis políticos. Pensádeo ben, asisade... que sería de vós se chegase o infortunado día no que vos alcanzase o silencio nocturno durante as fins de semana. Que faríades? Deixariades o tranquimazim e durmiríades por fin a perna solta? Que ruína para as farmacias e as consultas dos psicólogos!

Disque o nivel medio de emisión dunha cafetería anda entre os 90 e os 100 dB. Cantos acada un pub en horario nocturno? E disque tamén, segundo a Unión Europea, o límite de contaminación sonora admisíbel é de 65 dB (nocturna e na rúa 45). Mais, que saberán en Europa da nosa particular idiosincrasia, dos altos estándares que acadamos no eido musical e que tantos esforzos nos custaron? Que saben eles d'Os Tamara, e de Rodrigo Román e Milladoiro? (con aquela súa mítica

actuación no Liceo, e da pegada indelével que deixou na nosa alma). Coñecen acaso a Orquestra París os que pretenden impoñernos as súas ideas sonoras dende Bruxelas? Decátanse acaso de que con tan reducido número de habitantes temos conservatorio de música e dúas corais, e de que gozamos dunha Semana Musical (agora sen público, incríbel nesta Vila musical) dende hai 30 anos? Tan só falta que Prudencio Romo poña música ao lema do noso tan debexado obxectivo:

A Vila: capital mundial  
da cultura musical

Non pensedes que falo de política, e que enxalzo a uns e non a outros. Que Santa Cecilia e os anxos querubíns me libre diso! Xa todos eles (todos todos) pasaron pola poltrona do concello (moi cómoda che é, disque din. E moi ben se cobra, non si?) Perdoade o descoído, esquecía que os desvelos hai que pagalos, e todos colaboraron por igual na nosa indubidábel formación. Para quedo. Que escribiches, ignorante? Como te atreves con todos á vez? Non te decatás, paspán, que o fan polo noso ben? Non ves logo que é mesmiño como cando levas aos nenos a clase en contra da súa vontade? Non sabes logo que é polo seu ben? Que querías? Pretendías acaso que che deixasen gozar do silencio, que te refocilaras na túa ignorancia musical? Non te decatás, homiño, que se non fose por eles habería de quedarche a materia para setembro?

Loade ao concello, equivocados veciños da Vila que coidades que a mellora da vosa calidade de vida consiste en desperdiciar o tempo durmindo polas noites. Loade, repito agradecido, ao voso desvelado (coma vós) concello, que mira polo voso deleite e formación. Quen da máis por menos cartos?

Dicídeme logo... e que ninguén máis apreza o silencio aí afora?

# Futbol

## Tempada 66 á 71. Nacemento do Noya S.D.



*Ricardo Güeto*

**D**espois da última tempada 65/66 o fútbol en Noia desaparecía oficialmente aínda que si houbo partidos, sobre todo nas festas tanto de San Marco como de San Bartolomeu.

No 66/67 xógase o 1º torneo do viño (xa publicado noutro número) sendo campión o Area.

O 25/4/67 xógase no San Alberto o trofeo Domec entre o Racing de Ferrol e o R. Oviedo, no que gañaron os departamentais por 2 a 1.

Citando algún dos xogadores que participaron naquel partido, temos a Germán, Pepiño, Arturo, D. Erviti (que logo sería adestrador do Noia durante 6 tempadas).

Ámbolos dous equipos xogaban en 2ª división.



RAMÓN SENRA, PRESIDENTE DO NOYA S.D.  
NO 1970/1971

O 24/8/67, o I Trofeo San Bartolomé xogárono o Compostela e o Pontevedra, neste último xogaban os noieiros A. Diez e M. Petisco.

O Compostela xogaba en 3ª e o Pontevedra en 1ª adestrado por Molinuevo e trouxo un equipo de circunstancias.

No 67/68 volve o R. Oviedo a Noia o 25/8/68, e esta vez a xogar contra o Celta. O resultado foi de 2 a 1 a favor do Celta con dous goles de Riveros por parte olívica e 1 de J. María por parte ovetense.

En outubro do 67 recibe unha homenaxe Rubiche, ex-xogador, árbitro e fundador do Noya no ano 1928.

O 18/2/68 comezou a instalarse a praza de touros entre o campo de fútbol e a finca a Cunca; houbo moitas críticas tanto en radio como en prensa, pois o campo de San Alberto quedou un tanto reducido.

O 25 de Abril do 68 inaugurase cunha novillada na que no cartel estaba a toureira dacabalo Conchita Linares e os novilleiros Gallito e Paco Bautista.

O 68/69 recíbese da Delegación E.F., e a través da Federación Gallega de Fútbol, 494.510 ptas. para construción da grada e vestiarios no campo de San Alberto, inaugurándose no ano 68.

Xogan o 25/8/68 un partido entre o Arosa e o Compostela, ámbolos dous de 3ª división, co resultado de 2 a 2.

No 69/70 seguimos sen fútbol oficial pero hai dous equipos que xogan a liga Ría de Muros, estes eran o Industrial e o C.D. Campo. O campión foi o Lira e os equipos participantes, a parte dos noieiros, foron: Lira, Outes, Esteiro, Muros, Louro e Tambre. Foi un campionato moi mal organizado e con moitos líos.

No partido Campo-Industrial énchese San Alberto, o resultado foi de 1 a 1 e rematou antes de tempo, e estas foron as aliacións:



R. OVIEDO E R. DE FERROL NO CAMPO DE SAN ALBERTO O 25/04/1967



O NOYA S.D. EN PONTE DO PORTO O DÍA QUE SE PROCAMA  
CAMPIÓN DA COSTA EN 1970/1971



M. PETISCO RECIBE O TROFEO "CHACHO", MÁXIMO GOLEADOR DA  
COSTA. NA FOTO CO EX-INTERNACIONAL CHACHO E O PRESIDENTE DA  
FEDERACIÓN JANO GUILLÉN E OUTRAS AUTORIDADES

Polo Industrial: Ageitos, Tajés, Paco, Barreiro, Díaz II, Gelo, Rios, J. María, Mario, J. Busto, Brantuas...

Polo Campo: Cortés, Canelas, Lomba, Lago, Mon, Pais, Juanatey, Xandro, X. Agrafoxo, Felipe e Chimino.

E así chegamos a tempada 70/71 onde chegaría o fútbol oficial a Noia.

### NOIA S.D. 70/71

Despois de varias reunión na F.G.F. dá motivo que o Club Deportivo Campo rebautíceno co nome de Noya

S.D. (Sociedad Deportiva). Tamén o C.D. Industrial tería o seu oco pero a F.G.F mandaríao a liga do Sar onde entraría máis adiante o Noya S.D. pero mentres, este pasaría a formar parte da liga da Costa de 2ª Regional, Grupo 3º na súa 8ª edición.

O seu presidente sería D. Ramón Senra Blanco cargo que tamén tivera no Campo C. F. e fora ex-directivo do Noya C.F.

De adestrador exercería D. Francisco Miguéns máis coñecido como Pacucho que tamén sería xogador. Xogara na S.D. Compostela e no Noya C.F.

A plantilla estaba composta polos seguintes xogadores:

Porteiros: Manolo e Cortés.

Defensas: Lago, Canelas, Maneiro, Sito, Chito, Díez II, Cartagena.

Medios: Pacucho, Paco, A. Petisco, Jandro e Mon.

Dianteiros: Ríos, Juanatey, Felipe, Carril, Vilas, X. Agrafoxo, e Chino.

O campo de San Alberto repárase por estar bastante deteriorado, sobre todo a valla que separa o terreo de xogo.

Xógase o campionato galego de afeccionados e na 1ª eliminatoria tócanos o Portazgo, quedando empatados na Coruña 1 a 1 e gañando na casa por 1 a 0 con gol de Agrafoxo.

A 2ª eliminatoria tócanos co Victoria da Coruña onde o Noya perde por 3 a 2 con goles de M. Petisco e Chino. No San Alberto empatárase 1 a 1 con gol de Chino quedando así o Noya eliminado.

Tamén dicir que se xoga o 1º trofeo

Banco Bilbao (logo sería na historia da S.D. un trofeo famoso en toda Galicia).

O torneo foi triangular enfrontándose o Boiro co Palmeira e o gañador de este na final co Noya S.D. No primeiro partido o Boiro gañoulle ó Palmeira por 3 a 1 e perdeu na final co Noya por 3 a 0.

O campeonato de liga daría comezo o 28/3/71 coa participación dos seguintes 12 equipos:

C.D.Bayo; Buño S.D.; D.Carballo; C.D.Carnota; U.C.Cee; S.D.Finisterre; Muxía C.F.; S.D.Negreira; Noya S.D.; C.D.Porteño; S.D.Puenteceso; Xallas C.F.

Retirouse o Soneira, era novo o Noya S.D. e volvían a competición Finisterre e Negreira.

Na tempada anterior, e dicir, na 69/70, o campión foi o Puenteceso e o Buño sería de Copa.



M. PETISCO CO PONTEVEDRA NO 1967 EN SAN ALBERTO CON CHITO E CHINO



EX-XOGADOR DO NOYA F.C. E OUTROS EQUIPOS RECIBE A SÚA HOMENAXE EN OUTUBRO DE 1967

Na primeira xornada o Noya debuta oficialmente despois de 4 tempadas contra o Negreira no campo do Cepelo onde gaña por 0 a 1.

Xornada 2ª, 4/4/71. Debuta o Noya en San Alberto gañando por 3 a 0 ó Bayo.

Xornada 3ª, 11/4/71. O Noya volve a xogar en San Alberto e gaña esta vez por 3 a 1 ó Buño.

Xornada 4ª, 18/4/71. Noya 3 Xallas de Santa Comba 1; era o 3º partido en San Alberto.

Xornada 5ª, 25/4/71, Día de San Marcos. O Noya cae derrotado no campo das Pedras Blancas ante o Carballo por 5 a 3.

Xornada 6ª, 2/5/71. Noya 1 - U.D. Cee 0.

Xornada 7ª, 9/5/71. No campo de Lombáns, Carnota 0 - Noya 1.

Xornada 8ª, 16/5/71. O Noya recibe o actual campión da costa en San Alberto empatando o partido 0 a 0.

Xornada 9ª, 20/5/71. O Noya desprázase a Muxía onde empata 1 a 1.

Xornada 10ª. Volve o Noya a xogar fora, esta vez no campo de Ara Solis en Fisterra onde o Noya cae por 3 a 1.

Xornada 11ª, 28/5/71. Terminaría o Noya a primeira volta no campo de San Alberto contra o Porteño de Ponte do Porto de onde saíu goleado por un contundente 7 a 0.

Xornada 12ª, 6/6/71. Comeza a 2ª volta e o Noya xoga ante o Negreira ó que golea por un 12 a 0.

Xornada 13ª, 10/6/71. O Noya xoga co C.D. Bayo no campo do Balsiño onde o Noya volve a golear por 1 a 5.

Xornada 14ª, 13/6/71. O Noya sae derrotado por 3 a 2 ante o actual campión de copa.

Xornada 15ª, 20/6/71. O Noya gaña por 4 a 2 no campo do Carreiro en Santa Comba ante o Xallas.



A CONSTRUCCIÓN DA GRADA DE FERRO NO CAMPO DE SAN ALBERTO NO 1968



OUTRO EQUIPO DO NOYA S.D. 1970/1971 CON CHITO, SITO, MANEIRO, MON, PACUCHO, CANELAS, MANOLO. RÍOS, JUANATEY, X. AGRAFOXO, M. PETISCO, CHINO, A. PETISCO E FELIPE

Xornada 16ª, 04/6/71. O Noya ten a súa 4ª derrota, esta vez foi no campo das Raíces ante o Cee 1 a 0

Xornada 17ª, 27/7/71. No campo de San Alberto o Noya derrota ó Carballo por 4 a 1.

Xornada 18ª, 11/7/71. Noya 5 - Carnota 2.

Xornada 19ª, 18/7/71. O Noya desprázase a Ponteceso onde acada un empate 2 a 2.

Xornada 20ª, 25/7/71. O Noya golea escandalosamente ó Muxía por 10 a 1.

Xornada 21ª, 1/8/71. De novo o Noya golea de escándalo, esta vez ante ó Finisterre por 11 a 0.

Xornada 22ª, 8/8/71, final de liga. O Noya xoga na Ponte do Porto onde sería unha final, pois xogábase o campionato ante moito público noiés, e o Noya gaña ó Porteño por 0 a 1 proclamándose campión da costa na súa 8ª edición.

No partido Noya - Carballo deciden que arbitre un afeccionado pero logo tiveron que xogar outro día. Así

como varios partidos por falta de árbitros.

O Noya S.D. empezaría unha historia nas ligas da Costa impresionantes onde trinta e cinco anos despois aínda falan daquela época.

O Club fixo estes números: xogou 22 partidos, dos que gañou 15, empatou 3 e perdeu 4, con 78 goles a favor e 23 en contra facendo un total de 33 puntos.

Clasificación: 2º Cee, 3º Puenteceso, 4º Buño, 5º Carballo, 6º Porteño, 7º Carnota, 8º Negreira, 9º Finisterre, 10º Muxía, 11º Bayo, 12º Xallas.

Nesta tempada créase o trofeo Chacho para o máximo realizador, e este cae sobre o xogador noiés M. Petisco que marcaría a cifra de 54 goles.

Xógase a Copa quedando eliminado na 1ª ronda polo Negreira co tanteo de 3 a 1 e 1 a 2 e o campión foi o Carnota.

A fase de ascenso o Noya non a xoga por motivos descoñecidos cedendo a súa praza ó Cee, que queda eliminado por S. Celanova no seu intento de ascender a Preferente.

O Noya saldou esta tempada con 40.000 ptas. de superavit, e os socios tiñan unha cota de 400 ptas. anuais.

No próximo artigo falaremos da tempada 70/72 na liga da Costa.



NOYA S.D. TEMPADA 1970/1971. SENRA (PRESIDENTE), CORTÉS, MANEIRO, SITO, LAGO, MON, CHITO, MANOLO. JUANATEY



# Cançons de Noia



Prudencio Romo

## Feliz ángel de amor



Outra canción máis das chamadas noiasas, pois hai moitos anos que se canta en Noia esta habanera. Seguramente tamén é coñecida en moitas partes da nosa xeografía. Primeiro por ser en español, polo tanto pódela cantar máis xente. E despois, por ser unha habanera de corte melódico impecable, como se levaba polos anos vinte do século pasado.

O nome do seu autor non puiden averigualo. Esta como tantas e tantas cancións non se rexistraron na Sociedade de Autores, pois non era tan doado como agora, rexistrar unha obra musical.

Sin embargo, si existe a posibilidade de que fora editada, sobre todo si o autor é catalán, pois nesa autonomía editáronse a maioría das habaneras que chegaron ata os nosos días.

*Feliz ángel de amor* *Habanera*

*Ze quisiera llevar feliz ángel de amor a sentir el ru-*  
*-mor de las olas del mar. Signa la grima vés, de mis ojos bro-*  
*tar es por ti dulce bién, que te quiero adorar. En el si-*  
*lencio nos amaremos ya siesta-re-mos, juntos los*  
*dos que allí se aman sin enemigos sin mas tes-*  
*ti-gos, que el mar y el sol.*

The musical score is written in 2/4 time and features a melody with several triplets. The lyrics are in Spanish and describe a desire to travel with a happy angel to feel the rhythm of the sea. The score includes various musical notations such as notes, rests, and dynamic markings.



*Domingo Campos*

## **Zurra ao temporal**

### **Alarma en Noia. Desfeita para o sector marisqueiro**

A vida continúa e vains paseniñamente deparando a confirmación dalgunhas premonicións que se van alternando con algunha que outra sorpresa, nalgún caso maiúscula. Neste mes de setembro de 1987 Pastor Alonso é agasallado coa máxima distinción honorífica da confraría “San Bartolomé” de Noia “pola súa actuación co sector marisqueiro e pesqueiro nos problemas xurdidos nos feitos das areeiras”, como xa adiantamos no nº 21 desta revista Alameda. Atrás queda aqueloutro recoñecemento de “GALEGOS ILUSTRES” para Abel Caballero, Díaz Fornas, García Sabel e González Laxe feito público pola propia confraría de xeito panfletario ao remate da celebración dunha asemblea xeral extraordinaria 23-VIII.87/66, un día antes da consumación do vadalismo de Ponte Nafonso e co coñecemento de que o día 31 dese mesmo mes remata o prazo da concesión de extracción de áridos:

*“(...) Todos GALEGOS ILUSTRES, membros do Partido que “governa” en Madrí, que non dudaron en consentir a extracción de area no noso Río a sabendas de que destrúen a Ría e causan a mortandade no noso marisco, PERXUDICANDO OS TRABALLADORES E LEVANDO MÁIS PARO E MÁIS MISERIA ÓS NOSOS POBOS.*

*Todos eles con competencias dabondo para pechar as areeiras e pedirlle responsabilidades ós Sres. FREIRE AGRAFOJO, VAZQUEZ PARCERO E FERNÁNDEZ ALBORÉS, outros galegos que non dudaron en facerse ricos metendo a fame na casa dos seus veciños”.*

Para o anecdotario reproducimos deseguido o contido dunha “pintada” feita en lugares previamente seleccionados pola súa visibilidade e afluencia de público alusiva ao asunto que nos ocupa”:

**“PARCERO MILLONARIO,  
MARIÑEIRO Ó CARALLO”**

Pola contra, no esquecemento fica aqueloutro escrito de decembro de 1985, asinado conxuntamente polos patróns maiores de Carril e Noia, Vicente García López e José Antonio Agrafojo Arestino, dirixido ao presidente da Xunta de Galiza e aos conselleiros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Ordenación do Territorio e Obras Públicas demandándolle ao goberno galego que faga vale-las súas competencias en materia de pesca e marisqueo nas augas das rías e que se opoña con contundencia á autorización de novas concesións de extracción de áridos polas nefastas consecuencias que lle acarrexan á actividade marisqueira.

No mesmo escrito explican tamén os devanditos patróns que nunha recente xuntanza mantida por areiros e mariscadores a iniciativa da Delegación do Goberno en Galiza, na que participaron varios representantes do primeiro sector e tan só o patrón maior de Carril en representación do sector marisqueiro, non se puido acadar ningún acordo ou compromiso pola necesidade de sometelo a consulta previa de tódolos mariscadores. De tódolos xeitos, -continúan dicindo no seu escrito- con respecto ao problema da extracción de áridos o seu posicionamento segue sendo o que dende sempre veñen defendendo e que se resume nos seguintes puntos:

*“Que es de dominio público que la mortandad del marisco es debida a la extracción de áridos y no cabe*

ningún acuerdo que lo tolere, que dicho acuerdo no puede ser tomado por quienes tienen la obligación de ordenar el precintado y retirada de las barcasas, el derribo de las instalaciones areneras en tierra y procurar que las sanciones impuestas por la actividad ilegal de los areneros sean ejecutadas con carácter de urgencia, que se deben cuidar nuestras rías que son fuente de vida y riqueza, de las que depende el bienestar social y económico de toda Galicia, que se debe aplicar la ley vigente no permitiendo ningún tipo de extracción de áridos, que las rías afectadas por la extracción deben recuperarse a lo largo de muchos años para recobrar su sedimento natural y vuelvan a ser creadoras de vida de innumerables especies que hasta ahora con tanta generosidad nos estuvieron ofreciendo, que si hasta ahora se sacó arena incontroladamente no se puede pretender seguir sacando la que aportó el río porque de esa forma no se repara el mal que se hizo, que sólo cuando los mariscadores se dieron cuenta de que la mortandad del marisco era debida a la extracción de áridos y se hicieron todo tipo de denuncias y manifestaciones, fue cuando los

científicos empezaron a hacer estudios y valoraciones y después de romperse la cabeza nos dijeron que no saben de qué muere el marisco”.

Fonte: *La Voz de Galicia* (30-12-1985)

Mentres a instrución do sumario polos acontecementos de Ponte Nafonso continúa e vai medrando o volume das probas que se van acumulando ten lugar un feito previsible e de gran transcendencia para Galiza que vai merecer un tratamento preferencial en tódolos xornáis. Formalízase a moción de censura contra o goberno da Xunta presidido por Xerardo Fernández Albor, do que era vicepresidente Mariano Rajoy Brey.

“(…)Un gobierno en descomposición, anodino, y sin otro horizonte que el de sostener, bien sujeto a su trono a un presidente de la Xunta que nunca entendió adónde llevará a la derecha de este país su permanencia a toda costa en el poder (...)”

“GOLPE DE MANO EN RAXOP”, L.G. Domínguez  
(Anuario 1987, *La Voz de Galicia*)

Neste mesmo mes de setembro de 1987 a censura ao goberno Albor-Rajoy presentada polos grupos parlamentarios do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Partido Nacionalista Galego e Coalición Galega leva ao Pazo de Raxoi ao socialista Fernando González Laxe, quen, xunto cos vicepresidentes, Pablo González Mariñas e Xosé Luís Barreiro Rivas, vai se-lo principal referente do primeiro goberno de coalición da historia autonómica galega.

A rodaxe do goberno da “Galicia en marcha” está prugada de sobresaltos e pesadelos. Unha conxura de meigas e trasnos trae un temporal de vento e choiva en outubro que case non deixa nada en pé, provocando perdas de proporcións catastróficas que van ser cuantificadas en milleiros de millóns. As incesantes chuvias que dende o día 14 descargan sobre Galiza acadando valores superiores aos 160 litros por metro cadrado poñen a toda a comunidade nunha situación crítica e imponen a mobilización intensiva de tódolos recursos e equipos de emer-



GONZÁLEZ MARIÑAS, BARREIRO RIVAS E GONZÁLEZ LAXE NOS BANCOS DO GOBERNO.

Fonte: *La Voz de Galicia*



FERNÁNDEZ ALBORBRE E BARREIRO RIVAS, DOUS POLÍTICOS ENFRONTADOS. Fonte: *La Voz de Galicia*



SIRO SUMOU Á MANIFESTACIÓN A PROL DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA ÁS GRANDES FIGURAS DO GALEGUISMO CULTURAL.

Fonte: *La Voz de Galicia*

xencia para poder atender de xeito simultáneo os rebor-damentos dos ríos, os cortes xeneralizados nas vías de comunicación e, en especial, aos milleiros de veciñas e veciños das poboacións asulagadas.

A finais de novembro, cando nin se cumpren dous meses de andaina política do novo goberno, coñécese a impugnación pola Administración do Estado da norma-tiva sobre a normalización do uso do galego na vida administrativa interna e externa dos centros de ensino secundario e a obrigatoriedade de usalo como lingua vehicular en alomenos dúas materias. A nova avivece os ánimos dos sectores máis reaccionarios á normalización dun idioma, o noso máis prezado distingio, por séculos marxinado e deturpado. Pola contra, os que centran os seus sinais de identidade e a razón de ser da autonomía na defensa do galego, a maioría, rexeitan esta iniciativa. Unha gran manifestación popular convocada pola Mesa pola Normalización Lingüística percorre as rúas de Compostela en decembro amosando o rexeitamento ás pretensións do goberno de Madrid, cunha ampla repre-sentación de tódalas forzas políticas, sindicais e doutros colectivos sociais.

Non nos resistimos a deixar constancia escrita aquí, neste medio de comunicación e creación escrito integra-mente en galego, sobre o posicionamento do alcalde de A Coruña, Francisco Vázquez, no tocante ao ensino de materias en galego reproducidas por *La Voz de Galicia*:

*“(...) Está siendo manipulado, ya que el Gobierno no trata de prohibir la enseñanza de este idioma, sino de no obligar a nadie a estudiar una lengua que no es la suya, que de hacerse de ese modo sería contrario a la Constitución. (...) Se impuso por decreto el estudio de asignaturas que nada tienen que ver ni con Galicia ni con el gallego, razón por la cual el Gobierno actuó en consecuencia”.*

Paralelamente, o Consello da Cultura constata a ausencia na política lingüística dunha planificación que atendendo á realidade galega establece con nidieza a nor-



O PRESIDENTE DA XUNTA, FERNÁNDO GONZÁLEZ LAXE, COÑECE “IN SITU” OS DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL EN PADRÓN. Fonte: *La Voz de Galicia*

malización do idioma en tódolos ámbi-tos sociais, láíase desta dificultade engadida ao proceso de normalización e reafirmase, nunha nota feita pública no devandito medio, na necesidade dun pulo máis intenso:

*“(...) Concretos atrancos xurídi-cos non anulan de ningún modo a constitucionalidade nin a lexitimi-dade fundamental do dereito ó uso do galego, tanto na vida social, coma, e sobre todo, no mundo do ensino. (...) A lingua, patrimonio cultural supremo de tódolos gale-gos, é o valor que máis esencial-mente nos define, polo cal debe ser vínculo de unidade e proxecto común, nunca motivo de enfren-tamento e división”.*

Mais o meigallo non remata aquí. O día 5 de decembro un cargueiro pana-meño de nome *Cason* naufraga fronte ás costas de Fisterra alfombrando cos cadáveres de 23 xoves o chan da lonxa fisterrá. Maleficio dunha costa, a Costa da Morte, que cobra a súa lúgrube peaxe, confirmando unha vez máis o seu acaído alcume. Durante catro lon-gos días o cargueiro resiste altivo os embates daquel mar embravecido, pero o día 9 comeza a trouxa-los condenados



O DESASTRE DO CASON CAUSA DE MEDO NA COSTA DA MORTE. Fonte: *La Voz de Galicia*

produtos agachados no seu interior expandindo o terror por toda a contorna. As vilas de Cee, Corcubión, Muxía, Camariñas e Fisterra van ficando espidas de xente ao mesmo ritmo que Noia, Muros, Santiago, A Coruña... van vestíndose coa rapazada que chega acompañada de homes e mulleres de faces desencaxadas pola incerteza do futuro inmediato. É un éxodo forzado polo espírito de supervivencia.

No solpor do día 10 o barco empeza a estralar, estrando de estrondosas luminarias o mar de Fisterra. É o sodio metálico que ao atoparse coa auga produce grandes explosións e un intenso resplandor. A alarma medra aínda máis, tanto entre os afoutos que permanecen nos seus lugares coma entre os que desde os de acollida seguen apegados á radio e á televisión o decurso dos acontecementos. A media noite o delegado do Goberno dá por televisión a orde de evacuación, pero en Fierra xa non queda ninguén e a gasoleira de Cee está colapsada polos vehículos que repostan para a súa fuxida pola estrada da costa.

Para dar acollida ao éxodo, en Noia habílanse albergues nos colexios públicos “Alexandre Rodríguez Cadarso” de A Barquiña e “Felipe de Castro” de Bergondo. O conxunto da cidadanía noíesa dá unha soberbia proba de solidariedade cos damnificados, afanándose o concello na procura das mellores condicións de comodidade e hixiene e canalizando as atencións prestadas aos desprazados, en especial aos nenos, durante unha estancia que será afortunadamente breve.

Paralelamente, na zona da catástrofe ponse en marcha un depregue técnico impresionante. Ao “Remolcanosa 5”, presente dende o inicio, acompañano o “Sertosa”, o “Punta Salinas”, o “Alonso de Chaves”, o “Punta Service”, a plataforma máis grande de Europa, buques remolcadores holandeses e doutras nacionalidades, mentres que unha dotación de helicópteros sobrevoa a contorna. O día 14 o “Galerno” zarpa do peirao de Morás cos primeiros 228 bidóns tóxicos extraídos, iniciándose deste xeito o epílogo dun grave episodio acaecido na Costa da Morte, trasladando o escenario da loucura a Alúmina-Aluminio, na comarca lucense d’A Mariña.

## O REBORDAMENTO DO ENCORO DO TAMBRE

O ano vai consumíndose. Rematan os cen días de cortesía. Non é tempo aínda para análises rigorosas, pero tampouco é tarde para mellorar praxes políticas. Pastor Alonso cesa fulminantemente ao alcalde de barrios da Rasa, Albariza e Ousoño, Francisco Martínez Pose, reclamándolle a devolución inmediata do cuño de marcar despois de outorgarlle unha serie de responsabilidades nun bando que reproducimos textualmente:

*“El Excelentísimo Señor Alcalde de este Municipio, da orden a Francisco Martínez Pose, alcalde de barrios de La Rasa, Albariza y Ousoño, para que no haya malos entendidos entre los vecinos de estos pueblos nombrados cuando en caso de que el Aparejador no venga a dar la línea de un cierre, tendrán que recurrir a este señor. En caso de que no recurran a este señor, si algún vecino hubiera hecho un cierre y no estuviera legalmente en condiciones, dicho señor puede paralizar la obra mientras que la Alcaldía de este municipio no intervenga en la citada obra. Francisco Martínez Pose, en caso de necesidad, puede recurrir a los municipales. Estes tendrán el derecho de auxiliarle para la paralización de la obra que se esté haciendo en contra de lo convenido” (sic).*

Fonte: *La Voz de Galicia* (06-09-1987)

O conselleiro de Pesca, Xosé Manuel Páramo Neira, visita Noia e en referencia á concesión de extracción de áridos manifesta:

“Madrid se guió por unos informes que realmente no son tajantes ya que desconocen a fondo la problemática de la zona marisquera. Este tipo de problemas deben ser estudiados in situ. Mi voto está en que se siga una temporada larga sin extraer arena. Yo sólo puedo sugerirlo, como lo he hecho con la Administración Central”.

Fonte: *La Voz de Galicia* (10.09-1987)

O día 11 de outubro, no transcurso dun altercado que ten lugar nunha céntrica discoteca noíesa, resulta agredido o segundo tenente de alcalde, Xan Rama Trillo, precisando de atencións médicas no servizo de garda, feito polo que presenta en datas posteriores denuncia perante a policía local.

A Asociación de Empresarios e Profesionais de Noia –ANEPRO– anova a súa xunta directiva no trancurso dunha asemblea celebrada no salón de actos da Casa do Mar, ficando composta deste xeito:

Presidente: *Juan Ramón López Oviedo*

Vicepresidente: *Juan Antonio Caamaño*

Secretario: *Víctor Antelo*

Tesoureiro: *Cádidio Hermo*

Contador: *Juan Antonio López Hermo*

Relacións públicas: *Francisco Barreiro*

Vocais: *Basilio Insua, Ángel Larrondo López, José Manuel Vidal, Alejandro Seoane, Francisco Lago Ríos, Vicente Picón, Manuel Freire Liñayo, Concha Montes, José Roo García, Francisco Rodríguez Lobagueira e José Coto García.*

ANEPRO inaugura a súa sede no número 15 da Corredoira de Luís Cadarso coa intención de convertela nun punto de referencia útil para tódalas dilixencias e trámites que precisen realizar os asociados; anuncia a posta en marcha, a moi curto prazo, dun servizo de asesoría xurídica que dende as propias oficinas da asociación atenderá as consultas que se plantexen e dá a coñecer a programación dos cursos a realizar no mes de novembro, que estarán adicados ao escapatismo, publicidade e campañas comerciais ou de promoción.

E chegan as choivas. O profesor, Antonio Gutiérrez de Velasco, refírese aos feitos así nun precioso artigo:

### Tras la tempestad la calma y la reflexión CRÓNICA URGENTE E HISTÓRICA DEL RÍO TAMBRE, NOIA Y LAS TORMENTAS

“(…) Recientemente, 15-16 de Octubre, el Tambre, con bravura y fiereza, intentó quebrar el paredón de la presa; pero la sólida estructura de su para-




Fonte: *La Voz de Galicia* (18-09-1987)



Fonte: *La Voz de Galicia* (15-10-1987)

mento resistió el empuje de gigantescas presiones, hasta cinco veces más –según dicen– de los cálculos previstos, mientras el agua rebosante saltaba en formidables cascadas con ruido atronador. Más tarde, con el auxilio de grúas se alzaron las compuertas para aliviar las presiones del agua.



MAPA DOS ENCOROS CONFLICTIVOS.

Fonte: *La Voz de Galicia*



MAPA DO TEMPORAL EN GALICIA.

Fonte: *La Voz de Galicia*

*Otra vez el Tambre nos trae el recuerdo de haber sido domada su bravura, en esta ocasión por una presa (...).*

*La noche del 15 al 16 de Octubre será inolvidable para cuantos debieron ser alojados en varios colegios y edificios de Noia, mientras sus casas y enseres quedaron en el más completo abandono. Noche temible para las solitarias aldeas amenazadas de destrucción.*

*Por fin pasó la terrible noche, la presa resistió tenazmente sin que ni*

*una sola grieta resquebrajara su sólido paramento, dejando que el agua desbordara con furia y estruendo amenazador. Por fin, después de largas horas de angustia y sobresaltos la gente regresó a sus hogares y se restableció la normalidad (...)*

Fonte: *La Voz de Galicia* (22-10-1987)

Otra vez o Tambre. “El Tambre caudaloso/ con sus barquitas blancas/ en la ría de Noia/ que ha sido el puerto de Compostela”, fermosa composición esta do grupo musical galego máis importante da década dos 60, “Os Tamara”, tan vencellado á propia historia noiesa. O Tambre, que nos evoca a cabeceira daquel xornal, propiedade de José Rodríguez Rubial, que dende 1879 se publicou en Noia dúas veces por semana co subtítulo “Periódico de intereses generales, noticias y anuncios”. O Tambre, protagonista de riadas de trágicas consecuencias en 1853 e 1879. O Tambre, decote vinculado a Noia, fonte de ledicia e causa de malandanza. O Tambre, outra vez.

O 15 de outubro prodúcese o rebordamento do encoro, provocando unha situación de alarma xeneralizada nas poboacións da ribeira baixa do río e o desaloxo de arredor de 1000 persoas –2000 segundo as fontes do Goberno Civil-. Por indicacións dos respectivos alcaldes, Pastor Alonso e Gonzalo Pérez Villaverde, numerosos veciños dos núcleos d’O Castro, Ponte Nafonso, A Barquiña, Barro e O Obre, pertencentes ao concello de Noia, e O Enxido, Os Loureiros, Bocadoroña, Corga e Ponte Nafonso, de Outes abandonan os seus fogares.

Os acontecementos ocupan páxinas enteiras nos diferentes medios:

**Mil trescientas personas, evacuadas de las viviendas próximas al cauce del Tambre  
ALARMA EN NOIA Y PONTE NAFONSO AL REBASAR EL AGUA  
EL NIVEL DE LA PRESA “BARRIÉ DE LA MAZA”**

NOIA, Alfonso Freire y Mari Carmen Abeijón

*“Sobre las nueve de la noche de ayer eran evacuadas unas mil trescientas personas pertenecientes a las parroquias de Ponte Nafonso, Barro, Castro Róo y A Barquiña, del término municipal de Noia, como medida preventiva a un posible reventón en el Embalse Barrié de la Maza que inundaría y consecuentemente arrastraría todas las poblaciones antes citadas y ubicadas a ambos márgenes de las orillas del Tambre en su último tramo. Durante todo el día de ayer las aguas subieron en dicho embalse en una proporción de veite centímetros por hora con lo que ingenieros de Unión-FENOSA decidieron abrir las*

compuertas. El problema surgió cuando la empresa se dio cuenta de que las compuertas estaban bloqueadas y que la situación podía llegar a ser alarmante. Mientras se disponía una gran grúa que ayudase al desbloqueo y se empezaba a evacuar la zona de peligro, las aguas subían a un ritmo menor pero alarmante también: once centímetros por hora, desbordando ya la capacidad real de cubicaje del embalse en cinco centímetros. Actualmente y según ha podido saber este periódico, la presa presenta grietas como consecuencia de la presión ejercida por el empuje de las aguas. Durante toda la noche, cuatro ingenieros y más de cien personas trabajaban en lo alto del embalse para solucionar el problema (...).”

Fonte: *El Correo Gallego* (16-10-1987)

**A medianoche se hablaba de la posibilidad de dinamitar uno de los aliviaderos  
EL DESBORDAMIENTO POR CORONACIÓN DE  
LA PRESA  
DEL TAMBRE MOTIVÓ EL DESALOJO DE  
VARIOS PUEBLOS**

La Coruña (Redacción)

“El desbordamiento por coronación de la presa “Barrié de la Maza” en el río Tambre, y los peligros consiguientes para toda la ribera baja del mismo en el caso de producirse algún accidente, llevaron al desalojo de alrededor de mil personas (dos mil según el Gobierno Civil) de localidades próximas a la orilla pertenecientes a los municipios de Serra de Outes y Noia.

Cerca de la medianoche, aunque en fuentes de la compañía FENOSA y de Protección Civil se restaba importancia al peligro, algunas fuentes en la zona apuntaban la posibilidad de que se llevase a cabo la voladura de uno de los aliviaderos. Por otra parte, el alcalde de Noia, Pastor Alonso, indicaba que a causa de obras realizadas en la presa, las compuertas no estaban en condiciones de ser elevadas por sus propios mecanismos y que tampoco lo logró un camión grúa llegado a la zona a las seis de la tarde (...).”

Fonte: *La Voz de Galicia* (16-10-1987)

Autocares do Escuadrón de Vixilancia Aérea e da empresa Dosil trasladan aos veciños dos lugares evacuados aos colexios ubicados nos lugares máis altos: Balmes, M<sup>a</sup> Asumpta, e Felipe de Castro. Moitos son os veciños que ateigan o salón de plenos do consistorio. Concelleiros de tódolos partidos políticos colaboran distribuíndose responsabilidades. Díaz Fornas, como inter-




TÉCNICOS DA XUNTA, NOTARIO E REPRESENTANTES DO CONCELLO E MARISCADORES EN VISITA DE AVALIZACIÓN DE DANOS. Fonte: *La Voz de Galicia*



POTENTE GUINDASTRE NO ENCORO. Fonte: *La Voz de Galicia*


locutor perante o Goberno Civil. É unha noite longa a do 15 ao 16, de angustia e temor. Tamén é unha noite de comentarios, especulacións e retóricas irresponsábeis; mais, en xeral, a organización funciona ben e a articulación entre os distintos organismos é harmoniosa, tal e como reconece o delegado do Goberno de Galiza, Domingo García Sabell, en declaracións a *La Voz de Galicia*: “Ésta fue una prueba de fuego para las presas, y todas las especulaciones que se hicieron con respecto a su seguridad son gratuitas e irresponsables. Como balance, podemos decir que la organización funcionó bien y que la articulación entre los distintos organismos fue armoniosa”.

A primeiras horas da noite Pastor Alonso deixa entrever que “habían aparecido algunhas grietas”, engadindo deseguido que “a falta de comunicación co que está pasando é lamen-



BANDO DE ALCALDÍA ANUNCIANDO O PECHE AO TRÁFICO O CASCO HISTÓRICO.

Fonte: Arquivo persoal



BANDO DE ALCALDÍA AGRADECENDO A COLABORACIÓN PRESTADA.

Fonte: Arquivo persoal

*tope polo que acordouse subir dúas grúas máis para intentar levantar as comportas, senón a opción é dinamitar unha delas. Eles non enseñaron as súas cartas co cal estamos en perigo moita xente, todo elo levou a unha falta de coordinación”.* (El Correo Gallego, 16-10-1987).

Namentres Pastor Alonso informa deste xeito aos veciños, o director xeral de Unión-FENOSA, Victoriano Reinoso, exprésase destoutro: *“Cualquier tipo de organización que suponga la alerta de la población frente a posibles problemas que pueden surgir es positiva, pero esta presa es segura y en ningún momento se registraron momentos de alarma. En ningún momento. Solamente las precauciones lógicas ante una situación de anormalidad. Sencillamente”.* (La Voz de Galicia, 17-10-1987).

Segundo as explicacións dadas aos medios por Victoriano Reinoso e Luis Fernando Quiroga –subdirector xeral da empresa- o encoro do Tambre, que non presenta fenda algunha na súa estrutura, está preparado para evacuar riadas de 700 metros cúbicos por segundo cando, ao longo de toda a súa historia –entrou en funcionamento a finais da década de 1940– o caudal máximo rexistrado non tiña sobrepasado os 190 metros cúbicos por segundo. Trátase, segundo as explicacións dos propios responsabeis empresariais, dunha presa de gravidade que tivo que soportar nalgún momento avalanchas de 1200 metros cúbicos por segundo –presión cinco veces superior á rexistrada polo encoro na súa historia–, feito que aconsellou o aviso aos servizos de Protección Civil e as informacións transmitidas o xoves, día 15, ao alcalde, Pastor Alonso, cando se dirixiu ás instalacións para recabar información. Ao longo do tempo que durou a alarma as comportas da presa permaneceron abertas en situación normal, con tres metros de altura en cada unha delas e auxiliadas por un desaugadoiro de fondo, cunha evacuación constante dun caudal de 700 metros cúbicos por segundo. Por mor da excesiva presión as comportas non se puideron abrir ata a mañá do venres, día 16, co auxilio de potentes guindastres, xa que por medios propios non foi posible facelo, converténdose a operación nun precioso espectáculo cun final feliz para Noia e as súas xentes.

Ao amaina-lo temporal desaparece o perigo, restablecéndose a normalidade co retorno dos veciños, en medio dunha sensación de alivio e seguridade, aos seus respectivos fogares e retomando as angueiras cotiás. Centos de pobos e aldeas de toda a xeografía galega atópanse aínda sen enerxía eléctrica ou cun abastecemento deficiente e numerosas localidades padecen as molestias derivadas dos cortes en estradas, pero restablécese o tráfico aéreo e

*tábel”.* As doce da noite informa: *“Ás cinco da tarde empezáronse a perder os nervios arriba na presa e agora xa son cincuenta centímetros por encima do*

ferroviario e a circulación polas principais vías. Con mágoas e paseniño a vida volta a ser normal.

Nestas mesmas datas ten lugar en Noia a inhumación dos restos mortais de José González Teira, máis coñecido como o “Faneca”, un home aínda xove, que non tiña medio século de vida, pero si unha traxectoria de liderato dentro do sindicalismo de esquerda noiés das postrimerías do franquismo, a transición e primeiros anos de democracia. Xunto con Louro Romay, Pedro Ameneiro del Río, Julio Iglesias Ons, Enrique Justo Cerviño e José Antonio Agrafojo Arestiño, entre outros, o “Faneca” ponse á fronte da alternativa que, entre outros obxectivos, pretende desbancar a Rodrigo Molinos como patrón maior da confraría de Noia e deixar así a porta aberta á elección dun novo cabido na entidade. A ocupación do propio local da confraría, os plenos municipais de apoio ao “Manifesto de Pescadores e Mariscadores para a Recuperación da Riqueza da Ría” e as presións varias exercidas sobre Rodrigo Molinos propician a dimisión deste, a constitución dunha comisión xestora e a posterior elección como patrón maior de Agrafojo Arestiño, circunstancia que vai afastando amodo pero inexorablemente ao “Faneca” da “vanguardia mariñeira”.

Malia que é moi pronto para efectuar unha avaliación aproximada dos danos causados polo temporal, administracións, empresas e mesmo particulares coinciden en considerar que os efectos superan en gravidade aos ocasionados polo ciclón “Hortensia”, que asolara Galiza tamén en outubro, pero do ano 1984. A propia empresa Unión-FENOSA valora os seus danos en 1.500 millóns de pesetas. Os efectos do temporal inciden especialmente nos sectores agrícola, gandeiro e forestal, coa perda de vidas de animais, campos de cultivos arrasados e árbores derrubadas.

A chea provoca a baixada da salinidade das augas, ocasionando a mortandade de máis do oitenta por cento do berberecho e ameixa babosa nos bancos marisqueiros da ría de Noia e obrigando a suspenderla campaña de extracción, que quizabes ten sido a máis curta de toda a historia, xa que, en termos absolutos, os mariscadores noiés tan só levaban faenando escasamente sete xornadas. Nunhas primeiras valoracións o patrón maior da confraría manifesta que aínda que poida resultar precipitado dicilo as perdas ocasionadas poderían superar os catrocentos ou quíntos millóns de pesetas en canto ao berberecho, engadindo decontino: *“Fáltanos por mirar cal é a situación da ameixa fina e a ameixa babosa, inda que eu xa observei durante o pasado fin de semana, e a babosa está toda morta, e agora fai falla facer unha valoración dos quilos que había nos bancos.”* (El Correo

Gallego, 20-10-1987).



BANDO DE ALCALDÍA PARA QUE SE DECLAREN OS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL.

Fonte: Arquivo persoal

O conselleiro de Pesca e Cultivos Mariños, José Enrique Rodríguez Peña, aclara en relación coa mortandade de berberecho na ría de Noia que a propia Consellería xa temía que isto sucedera, pero ante un feito natural pouco se pode facer, argumentando que en todo o ámbito galego o índice de salinidade tiña descendido enormemente e ilo provocaría, como no caso de Noia, a morte masiva de moluscos e promete analizar os danos máis en profundidade cando a climatoloxía se estabilice e se repoñan as comunicacións con tódolos pobos do litoral a fin de canalizar as axudas ao sector o máis axiña posible.

En efecto, un biólogo da Xunta desprázase na mañá do lun 19 ás concesións marisqueiras da confraría noiésa ao obxecto de coñecer e realizar unha mostraxe dos bancos, calcular o índice de mortandade e avaliar a magnitude da catástrofe. Acompañan ao biólogo no seu percorrido o patrón maior da confraría, representantes do concello e un notario, constatándose que a mortan-

dade do berberecho supera claramente o noventa por cento. Na tarde dese mesmo día a confraría celebra unha asemblea xeral para explicarlle ao sector a situación, que Agrafojo Arestión resume así: “*Eu, particularmente, penso que non vai ser posible mariscar durante unha tempada, polo menos hastra que as augas recuperen a salinidade, logo mirar si queda algunha ameixa fina que será o único que poida quedar; sin embargo, consultarémolo co biólogo e faremos o que nos aconselle a parte técnica*”. (*El Correo Gallego*, (20-10-1987).

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños fai pública o día 21 a primeira avaliación dos danos causados polo temporal nas poboacións de marisco, cuantificando as perdas en 406.250.000 das antigas pesetas, reparadas deste xeito:

#### Campaña 1987-88

Berberecho adulto	75.000.000 ptas.
Berberecho pequeno	31.250.000 ptas.
Ameixa babosa	25.000.000 ptas.
TOTAL	131.250.000 ptas.

#### Campaña 1988-89

Berberecho	250.000.000 ptas.
Ameixa babosa	25.000.000 ptas.
TOTAL	275.000.000 ptas.

Mentres tanto Pastor Alonso segue coa súa peculiar retórica. O xornal “*El Correo Gallego*” publica o 21 de outubro unha entrevista da súa correspondente en Noia, Mari Carmen Abeijón, ao ínclito alcalde nacionalista da que entresacamos os seguintes parágrafos entrecomiñados pola propia autora:

**“Está claro que houbo unha actuación negligente da empresa”**

**PASTOR ALONSO PIDE EL APOYO DE LOS VECINOS PARA DEMANDAR JUDICIALMENTE A FENOSA**

*“Creo que foi unha situación de auténtico pánico” e existen varios datos para corroboralo. En primeiro*

*lugar hai que falar de que foron moitos os veciños que acudiron a ver a situación da presa e puderon comprobar a situación; en segundo lugar, unha emisora de radio, esa noite, repetía constantemente que a presa tiña grietas o cal, inda que fora certo, non se pode facer xa que fai cundir o pánico entre a xente, e, en terceiro lugar, hai que suliñar a lamentable falta de colaboración da empresa. Os técnicos de Unión-Fenosa deberon baixar aquí e sentarse con nós a falar na xunta que se constituíu con Protección Civil, comandante do EVA-10, Garda Civil e representantes do Axuntamento. Alí con nós tiña que haber un inxenheiro da empresa para tomar as decisións de forma pausada e ordenada”.*

*“Eu teño que opinar que hai suicidas en todas as carreiras e, non obstante, eu non son partidario do suicidio e, moito menos, de suicidar a medio pobo por culpa de un señor que, eu non o sei, di que non pasa nada. O certo é que a presa tiña uns límites de seguridade que foron sobrepasados e había uns ferros enriba da presa que dobraron por efecto das augas. Si eso é alarmismo alá cada un ca súa conciencia. Nós non podíamos pensar en que ocorrera unha catástrofe por culpa da negligencia duna empresa, comunicando un falso control e decindo que está todo en orden cando non era certo. Esa postura ocasionou un risco grandísimo é nos tuvemos que tomar a decisión de evacuar á xente”. (...) “Se hoxe volve a ocorrer, volvería a facelo unha e mil veces (...)”.*

En resposta a que tipos de axudas vai pedir o concello, Pastor responde:

*“Hai uns casos de familias especialmente necesitadas que se chaman tradicionalmente como “pobres de solemnidade” e sobre estas familias hai unha notificación que mandamos ó Goberno Civil, para que sexan incluídas no fondo de axudas da CEE e para que se tomen como prioritarios os danos destas familias. No que respecta ó marisqueo, que é unha cousa moi importante, a Consellería de Pesca ten que arbitrar as medidas suficientes para que o futuro de Noia non sexa tan negro como é agora mesmo. As autoridades teñen que pensar que as consecuencias deste temporal en Noia, veñen dadas única e exclusivamente pola actuación negligente dos responsables da presa que se comeron non soio o presente senón o futuro da vila de Noia”.*

En relación cos danos ocasionados opina:

*“Eu creo que os danos van superar os 600 millóns de pesetas”.*

Sobre a petición de responsabilidades, comenta:

*“Por suposto. Temos interposta unha denuncia xudicial contra Unión-Fenosa respaldada por un acordo plenario. Ten que haber ahí unha cadea de negligencias que a empresa, como subsidiariamente responsable, ten que asumir e facerse cargo dos danos ocasionados”.*

Esta mesma dialéctica simplista e falaz é a que utiliza Pastor Alonso dous días despois no programa de TVE “Táboa Redonda”, porfiando nas súas duras críticas contra os responsabeis da empresa eléctrica, aos que acusa de “tapa-lo problema incluso a Protección Civil”, ratificándose na súa intención de demandalos xudicialmente.

Existen evidentes contradicións entre o manifestado a *El Correo Gallego* e o que afirma no programa de TVE dous días despois. Pero Pastor Alonso é un político contradictorio, arrogante e despótico, que exerce a actividade política con pingas de sangue xacobino e coa convicción de que a súa verdade, clara e distinta, debe levarse á práctica implacabelmente. Convencido de te-la razón da súa parte, non fai nin o mínimo esforzo en presentala racionalmente. Ou o que é o mesmo: moitas veces en política as actuacións e decisións son como son polos intereses persoais que as motivan. Estamos aínda nos inicios, pero Pastor Alonso non vai aforrar medios para acadar o seu principal obxectivo: converterse nun caudillo. Ao acada-lo cargo de alcalde comeza a sufrir unha irrefreable necesidade de difundir as súas opinións como se foran directrices, normas ou preceptos concluíntes, convertendo ao BNG noiés nun mero apéndice doméstico e domesticado de afirmación e ratificación personalista e moi pouco máis.

O día 24 o subdirector xeral da empresa eléctrica, Fernando Quiroga, invita por carta persoal a tódolos membros das corporacións de Noia e Outes a realizar unha visita ao encoro o martes, día 27, na que se vai facilitar ampla información sobre o estado das instalacións, poñendo á súa disposición autobuses para realiza-lo desprazamento e convidándoos ao remate da mesma a un xantar nun restaurante de Urdilde. A maioría dos cargos institucionais de Noia e tamén de Outes acoden, e poden comprobar que a presa non sufriu dano algún na súa estrutura.

A dimisión do primeiro tenente de alcalde e presidente da Comisión de Facenda, Joaquín María Fernández Leiceaga, non sorprende á oposición, alomenos aos socialistas, porque hai tempo que albiscamos desacordos

coas actuacións e comportamentos populistas e irrespectuosos do alcalde. Fernández Leiceaga levaba sen asistir a dúas sesións plenarias e ás reunións da Comisión de Goberno cando se fai pública a súa dimisión o día 28, alegando motivos persoais. É este un simple pretexto, unha escusa política que agacha motivacións máis profundas da súa decisión. El mesmo explica o deste xeito anos máis tarde:

*“(…) Tamén me motivou a deixar o cargo as actuacións de Pastor. Intuíu que tería algún problema con el. Xa sucedera o asunto das areiras e aínda non explotara o de Carrasco, pero non estaba de acordo coas súas decisións. Tiña un comportamento político claramente populista e de escaso respecto pola legalidade e os adversarios políticos na corporación, centrado especialmente contra Díaz Fornas. Tamén chegou a desprezar aos seus propios compañeiros de partido. Contra Avilés actuou de modo moi ferinte. Percibín que era unha persoa cunhas ambicións políticas ilimitadas(…)”.*

A REVOLTA NACIONALISTA. A Noia de Pastor Alonso. O goberno de Bieito González. XERARDO AGRAFOXO. Edit. TOXOSOUTOS, 2006

A primeira baixa que se produce nas filas nacionalistas non pasa desapercibida para moitos noiases. Velaí unha mostra:

### **Tribuna Abierta** **¿HACIA DÓNDE CAMINAS** **NOIA?**

*“(…) Indudablemente, si el objetivo a alcanzar era única y exclusivamente la publicidad, es de justicia reconocer que efectivamente se ha conseguido con creces. Conviene no obstante matizar que si bien es cierto este protagonismo en los medios de comunicación, no lo es menos que a juicio de muchos noiases nuestro municipio ha sido tristemente célebre. Parece como si los hados funestos se hayan cebado con*

*Noia en los últimos cinco meses. Hay voces que incluso afirman que la dimisión de un concejal del BNG fue debida a profundas discrepancias con la labor desarrollada por Pastor Alonso al frente del Ayuntamiento. Desde luego, a mi me suena a cuento chino la justificación de aquella dimisión por motivos laborales, prefiero pensar que se debió a otros muy diferentes de los aludidos en aquel entonces y que conste que este gesto honra personal y políticamente al autodimisionario (...).*

Fonte: *La Voz de Galicia* (16-12-1987) M.B.N. Noia.

O día 30 de outubro, dez días despois de que o alcalde lle contase aquela trola da interposición da denuncia contra a empresa eléctrica Unión-FENOSA ratificada en pleno á correspondente de *El Correo Gallego*, agora si, coas cámaras da TV como testemuñas, é cando somete á aprobación do plenario a moción da Alcaldía solicitando a facultade para iniciar accións xudiciais contra a empresa propietaria do encoro do Tambre polos sucesos acaecidos durante os días 15 e 16 deste mesmo mes de outubro con ocasión do temporal de auga e vento que azoutou as costas galegas, salientado de xeito moi especial os danos sufridos no concello de Noia, a evacuación da poboación asentada na conca do río e a posible rotura do encoro como consecuencia dunha posible negligencia da empresa propietaria no coidado e mantemento dos mecanismos de apertura das comportas. Intenta intervir o secretario para informar sobre a procedencia legal do exercicio destas accións xudiciais, pero o alcalde négalle a palabra, impedindo que os corporativos dispoñan dunha información imprescindible antes de posicionarse sobre o asunto.

Decontino, en representación do Grupo Socialista, intervén Jesús Díaz

Fornas facendo unha análise pormenorizada dos feitos máis significativos acaecidos naqueles días, salientando a improcedencia de establecer dogmáticas relacións de causa-efecto nin verdades absolutas sen posuí-los datos e informes técnicos imprescindibles para fundamentais, rexeitando a presentación inicial da querela pola falta de datos científicos sólidos que avalen a comisión de imprudencia, a inexistencia de informes xurídicos previos e a valoración da eventualidade de prestación de fianza. Remata a súa intervención propoñendo a creación dunha comisión por parte da Xunta de Galiza con participación do concello e Protección Civil, incoando expediente informativo para estudar se a empresa actuou correctamente e, no seu caso, esixir responsabilidades, sen prexuízo de que as institucións reparen os danos ocasionados aos bancos de marisco.

Visiblemente contrariado, Pastor Alonso afirma con contundencia que con ou sen o apoio da corporación poñería o asunto en mans dun equipo de avogados para estudar a conveniencia ou non de iniciar accións xudiciais, ao que lle replica o voceiro socialista facéndolle saber que nese suposto sería el o que tería de abona-los gastos que se ocasionasen.

Interveñen tamén José Luís Rodríguez Hermo –voceiro de AP– e Campos Alborés –PSdeG-PSOE– demandando a lectura do informe elaborado polo secretario do concello, denegándoo o alcalde

Sométense a votación ámbalas dúas propostas, votando pola formulada por Díaz Fornas: o propio proponente, Campos Alborés, Vázquez Díaz, Castro Blanco, Gil Castro, Sáez Lestón, Rodríguez Hermo, Coto García e Díez Rechou. Votan pola proposta da Presidencia: Alonso Paz, Fernández Leiceaga –que acode por derradeira vez a unha sesión plenaria–, Rama Trillo, Iglesias Ons, Avilés Vinagre e Salas Villa. Obtendo maioría a proposta formulada por Díaz Fornas, queda elevada a acordo plenario, consistente en: instar á Xunta de Galiza a formación dunha comisión mixta conxuntamente con Protección Civil e o concello de Noia que investigue as posibles responsabilidades de Unión-FENOSA, de existir estas.

O resultado da anterior votación pon de manifesto a falta de acordo no seo do Grupo de AP, rachándose a disciplina de voto ao apoiar Salas Villa a proposta do alcalde, mentres que os mais compoñentes votan a prol da do socialista Díaz Fornas. Non asisten ao pleno: Suárez Teijeira –AP– e González Oviedo –CDS–.



Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

# O Quixote e Cervantes nos dramaturgos galegos

*“... porque desde mochacho fui aficionado a la carátula, y en mi mocedad se me iban los ojos tras la farándula.”*

*Quixote, II, 11, 1615*

*“Yo he dado en Don Quijote pasatiempo al pecho melancólico y mohíno en cualquier sazón, en todo tiempo”*

*Cervantes, Viaje del Parnaso, 1614*

## O ÉXITO DO QUIXOTE

No capítulo oitavo da segunda parte do Quixote (1615) fai un discurso o fidalgo da Mancha no que manifesta o seu desexo de conquistar a fama e así afirma *“los cristianos, católicos y andantes caballeros más debemos de atender a la gloria de los siglos venideros, que es eterna en las regiones etéreas y celestes, que a la vanidad de la fama que en este presente y acabable siglo se alcanza”*, pero non debía ter temor Don Quixote porque xa dende a saída do prelo da primeira parte en 1605, o éxito da novela que relata as súas aventuras e as do seu escudeiro Sancho Panza alcanzou unha difusión moi grande, difusión que non empeceu a aparición do Quixote apócrifo de Avellaneda, do que Don Quixote manifesta coñecemento no capítulo LXIX da mesma segunda parte e no capítulo LXXII di o enxeñoso fidalgo que tal libro falso xa estaría *“queimado e feito po por impertinente”*. Ten constancia tamén o fidalgo manchego do éxito do libro impreso no que circulan as súas aventuras.

Foi tanto este éxito que, nunha interpretación nos primeiros tempos só cómica, Don Quixote e Sancho Panza andaban en festas, desfiles e outras moitas actividades parateatrais, e non hai mellor exemplo que anotar que a primeira imaxe coñecida de Don Quixote e doutras personaxes da novela apareceu nunha estampa de 1614 impresa en Leipzig, conmemorando as festas celebradas

o vinte e sete e vinte e oito de outubro de 1613 en Dassau por mor do bautizo do príncipe Johann Georg II de Saxonia, con motivo das cales houbo un desfile no que figuraron cando menos sete figuras que aparecen na novela de Cervantes. Dende ese momento a novela cervantina terá todo tipo de presenzas, na novela e na poesía, na pintura e no debuxo, no ballet e no teatro. E falando de teatro cómpre non esquecer que o grande erudito galego Ramón Menéndez Pidal aseguraba que a orixe da novela de Don Quixote estaba no teatro, pois fora o anónimo *Entremés de los romances* o fío que desanobelou Cervantes para construír os primeiros capítulos da súa novela, os que narran a primeira saída do fidalgo aínda sen o seu escudeiro Sancho. Cría o grande polígrafo que este entremés fora escrito en 1591, aínda que outros estudiosos o cren posterior á saída ao mundo de Don Quixote, pero fose o que fose, o que está clara é a popularidade dende o inicio da novela cervantina.

Aínda que un erudito dos anos vinte aseguraba que había obras de mérito no teatro baseadas no Quixote, só consideraba que poderían ter éxito sempre e cando non amosasen na escena a personaxe de Don Quixote, pois non se podería apreciar sobre as táboas un elemento fundamental da novela: a distancia que ía entre as cousas que o fidalgo vía na súa mente e a realidade das cousas mesmas. Malia isto, foron moitos os que se

atreveron a levar ao teatro episodios, personaxes e versións da inmortal novela.

## O QUIXOTE NO TEATRO. UNHA PANORÁMICA

Parece que o primeiro que se atreveu a levar a escena a novela cervantina foi o valenciano **Guillén de Castro**, co mesmo título que o inmortal libro e que se publicou en 1618, aínda que algúns afirman que xa estaba escrita dende dez anos antes. **Francisco de Ávila** publicará en 1617 unha obra que parece unir no título a pretendida orixe teatral da novela e a novela mesma: *Entremés famoso de los invencibles éxitos de Don Quixote de la Mancha*. Dende entón andaron as personaxes cervantinas por todos os escenarios de Europa e até polas rúas de América, e así, en linguas diferentes que van do francés ao holandés, do catalán ao alemán, do checo ao inglés, do italiano ao español, a novela cobrou nova vida nas creacións teatrais de moitos dramaturgos entre os que se conta **William Shakespeare**, que parece que estreou en 1613 unha comedia, en colaboración con Fletcher, sobre o episodio de Cardenio. Conta a tradición que **Molière** fixo o papel de Sancho Panza nunha comedia francesa. A novela de Cervantes serviu para todos os subxéneros teatrais: comedias e ballets, monólogos e sainetes, óperas e xoguetes cómicos, óperas bufas e bailables, zarzuelas e todas as variantes que se poidan imaxinar. Non só Don Quixote é personaxe principal destas obras, senón que tamén Sancho, Dulcinea, a Condesa Trifaldi, o Curioso Impertinente e outros varios serviron de inspiración aos homes e ás mulleres que escribiron teatro. Obras de inspiración quixotesca puideron contemplarse nos teatros de Moscova e Londres, de Nova Iorque e Bos Aires, de París e de Milán, de Lisboa e Roma, de Viena e Barcelona e doutras moitas cidades e vilas europeas.



DON QUIJOTE Y DULCINEA 1614

Este éxito das personaxes do *Quixote* na vida teatral aproveita o forte compoñente dramático de moitos episodios da novela e sobrevivirá a todos os cambios literarios ocorridos dende o Século de Ouro, servindo de motivo literario para clásicos e neoclásicos, para románticos e realistas, para naturalistas e decadentes, para modernistas e para os rexeneracionistas do 98, para vangardistas e revolucionarios e así ata os nosos días. Homes de teatro como **Ruiz de Alarcón**, **Quevedo**, **Calderón**, **Echegaray**, **López de Ayala**, **Azorín** e moitos outros nomes do teatro español testemuñan a presenza das personaxes cervantinas nos escenarios. Sen esquecer os músicos que a miúdo ilustraron diferentes aspectos da obra para zarzuelas, óperas, ballets e outras obras teatrais que precisan da música. Poderían citarse nomes como **Donizetti**, **Mendelssohn**, **Strauss**, **Chapí** e **Manuel de Falla** co seu memorable *El retablo de maese Pedro*.

Pero non só a personaxe de Don Quixote e os seus compañeiros novelescos foron carne de teatro, pois o mesmo Cervantes tivo tal honor, ou tal desgraza, segundo os casos. Un Cervantes fantasiado e falsificado, idealizado ou rebaixado pola creatividade dos dramaturgos, a miúdo para desesperación dos eruditos. Por pór un exemplo, unha das pezas teatrais máis famosas sobre o autor do *Quixote* na España do século XIX foi *El loco de la guardilla* (1861), de Narciso Serra, que indignou ao erudito Narciso Alonso Cortés polas súas inexactitudes históricas.

E en Galiza? Escribiron os galegos teatro sobre Cervantes e o *Quixote*? Pois si, malia a debilidade da nosa tradición teatral houbo un número significativo de obras que se basearon na novela cervantina, quer en galego, quer en castelán.

## O QUIXOTE E CERVANTES NO TEATRO DOS GALEGOS EN CASTELÁN

Nun país como Galiza, con escasa tradición teatral, e a que tiña maioritariamente en castelán ata o século XIX, os autores galegos que cultivan este xénero están na maioría dos casos inseridos no sistema literario español. Non será ata o século XIX e a chegada do Romanticismo cando poidamos anotar o primeiro dramaturgo que se basea na novela de Cervantes para o seu teatro. Trátase de **Jacinto de Salas y Quiroga** (1813-1849), un poeta hoxe algo esquecido que está nas orixes dese movemento literario que cambia o rumbo da literatura española, pois en 1834 aparece o seu volume *Poesías* que contén un prólogo que consideran os estudosos un manifesto romántico. Nese limiar, confuso, pero fundacional, Salas remítese a Cervantes como modelo a seguir: “*Con pesar se nota que algún joven dotado por la naturaleza de un ingenio feliz y entendimiento travieso se ocupa exclusivamente, malogrando tan preciosas dotes, en copiar a nuestros hermanos los del Sena. Mejor fuera estudiar nuestros propios autores; ese Cervantes, mezcla singular de imaginación romántica e ironía filosófica*”. E non se limitou a citalo, pois cando só tiña dezasete anos estreou a peza *Sancho Panza, gobernador de la insula Barataria*. Este asunto do goberno de Sancho foi moi prezado polos dramaturgos de todas as épocas e servirían de exemplo comedias francesas como a estreada en 1659 na que o papel de Sancho foi representado por Molière ou outra comedia de Saint Evremont, de 1678, mais tamén obras holandesas como a de Cruyssen de 1681, ou xa no neoclasicismo a obra *Bagatela* ou *Sancho Panza gobernador*, da autoría de Thierrri, con música de Gillier, estreada en 1727. No século XIX poderían citarse pezas como a de Scribe e Delavigne, de 1815, titulada *A insua Barataria* ou a moi famosa zarzuela de Luis Mariano de Larra *La insua Barataria*, de 1864.

Non foi Salas y Quiroga o único romántico galego interesado na obra de Cervantes, pois tamén aqueles galegos que pretenderon crear un sistema literario propio para Galiza, aínda que ao comezo o fixesen en castelán, sentiron este interese. Estamos a falar dos provincialistas, os primeiros galeguistas, pertencentes á xeración seguinte do Romanticismo, do que é bo exemplo o traballo “Cervantes” do líder deste movemento Antolín Faraldo, que apareceu en 1842 na revista *El Recreo Compostelano* ou a proposta que en 1842 fixo José Faraldo á Academia Literaria de Santiago para a súa discusión: “*El Quijote ha influido en el desarrollo de la*



JACINTO DE SALAS Y QUIROGA

*civilización española*”. Non se esqueza tampouco que a seguinte xeración galeguista mantivo esa inspiración cervantina, como o manifesta a novela de Rosalía de Castro *El caballero de las botas azules* (1867).

En 1866, nas vésperas do realismo español, outro home vinculado tamén ao teatro en lingua galega, **Francisco García Cuevas**, estreou a zarzuela *Las bodas de Camacho*, con música dun descoñecido A.R., que se estreou en Madrid no Teatro do Circo. Ningún dos repertorios e manuais galegos ofrece datos biográficos sobre este autor, que foi moi atacado por Uxío Carré Aldao por considerar que degradaba aos galegos na escena teatral. García Cuevas escribiu a comedia en tres actos, en prosa, en colaboración con Ricardo Caruncho Crosa que leva por título *Maruxiña*, estreada en Madrid en 1897, mentres que en 1898 publicou en Badaxoz un cadro lírico nun só acto, titulado *La vuelta de Farruco*, en colaboración con Manuel Urrigaray. Ambas as dúas obras son bilingües e, segundo Carballo Calero, “*os señores falan en castelán, e os aldeáns nun galego dexenerado*”. Polas fontes españolas sabemos que foi maxistrado, que aínda publicaba en 1902 e que foi autor de pezas teatrais



LINARES RIVAS EN 1921 POR F. CORTÉS

dende 1861, de novelas e de obras de Dereito.

O episodio das vodas de Camacho foi asunto moi empregado por outros dramaturgos, en competencia co episodio do Curioso Impertinente, e xa en 1784 Meléndez Valdés, o poeta neoclásico, estreou *Las bodas de Camacho* e Mendelssohn estreará unha ópera co mesmo asunto en 1822.

Xa a finais do século XIX o inefable e algo toliño **Xan da Coba Gómez** (1819-1899), o inventor desa lingua estrafalaria que denominou “*trampitán*”, publicou a peza teatral *Cervantes soldado* en 1894, que cualificou de ópera, o mesmo ano no que deu a coñecer *Batalla de Lepanto*, na que, como ben se sabe, perdeu o uso da man Cervantes. O autor do *Quixote* serviu de motivo de poesías, sempre laudatorias, de personaxe de novelas folletinescas como *El príncipe de los ingenios* de Manuel Fernández y González, de 1876, e xa falamos da súa presenza nas táboas, pois varios dramaturgos do século XIX o converteron en figura teatral. Xa citamos a peza de Narciso Serra, mais tamén Aureliano Fernández

Guerra estreou unha fantástica peza co título *La hija de Cervantes* en 1842 e mesmo o dramaturgo de máis éxito desta centuria, José Echegaray, que acadou o Premio Nobel de Literatura, deu cabida a Cervantes na súa peza máis famosa: *El gran galeoto* (1881). Aínda Azorín publicará antes da guerra civil unha peza teatral co título de *Cervantes o la casa encantada*. Non pode o bo de don Xoán da Coba compararse nin de lonxe cos dramaturgos citados, pois o seu estro era moi modesto, aínda para compararse cos máis mediocres dramaturgos do seu tempo. Cómpre lembrar, iso si, que foi un dos primeiros cultivadores do teatro en lingua galega e algunha das súas pezas goza de reedición recente.

No século XX hai tamén presenza da novela cervantina ou doutras creacións do autor do *Quixote* en varios dramaturgos galegos. Xa Azorín, na súa obra *Con permiso de los cervantistas* suxería o influxo de Cervantes na comedia en dous actos *Como hormigas*, de **Manuel Linares Rivas** (1867-1938), publicada en 1913, pero estreada o 7 de abril de 1917, influxo tamén presente en *Cobardías*, estreada en 1919 que alude aos episodios da estancia de Don Quixote no pazo dos duques. Sen embargo, a maior influencia do *Quixote* en Linares dáse na obra *Lo pasado, o concluído o guardado*, comedia en dous actos estreada o 21 de abril de 1922 e editada en novembro de 1929, na que o protagonista é unha transposición de Don Quixote, pois así coma este vivía nos tempos pasados dos cabaleiros andantes, a mesma pretensión de vivir nos tempos pretéritos se dá na personaxe de Linares Rivas. O teatro deste autor é sempre un teatro de tese, onde todo o mecanismo das obras está ao servizo da mesma. É unha dramaturxia paralela á de Benavente, mais nunha liña máis dura. Recentemente comezou a recuperación deste autor por parte da universidade coruñesa, despois de anos de esquecemento.

Mesmo na guerra civil será Cervantes a inspiración dun tipo de pezas políticas, de propaganda, coñecidas como teatro de urxencia, xa que **Rafael Dieste** (1899-1981) parte do autor do *Quixote* no seu *Nuevo retablo de las maravillas* de 1937. Publicado na mítica revista Hora de España, esta obra de acto único desenvolve o tema do “*engano aos ollos*” e cómpre lembrar que Cervantes anunciou como unha obra a realizar a que levaba por título *El engaño a los ojos*, que nunca escribiu. Trátase dunha adaptación dos clásicos moi propia do teatro de urxencia da época, que os adapta ás circunstancias da guerra civil. Os pailáns cervantinos son agora os facciosos, os rebeldes de Franco. Son estas, as personaxes do

retablo, as que confunden a ficción coa realidade, non os espectadores. Esta realidade irrompe coa chegada dos campesiños reais que rachan co engano aos ollos. A obra foi un encargo do escritor ruso Ilia Ehrenburg como peza de axitación e propaganda e a súa eficacia reside no rexeitamento colectivo do engano das personaxes fascistas e na reafirmación da lealdade republicana. É unha peza que se inxire no teatro de urxencia dos intelectuais españois da época, que se vinculan á tradición popular clásica.

Rematada a guerra civil, na primeira e dura posguerra, autores vinculados á Falanxe, como **Gonzalo Torrente Ballester** (1910-1999), reciben o influxo cervantino. O autor ferrolán comezou a súa andaina literaria como dramaturgo, cun teatro vangardista e alegórico que amosou unha fenda a partir da súa crise co réxime en 1941. As obras tituladas *El casamiento engañoso* (1939) e *República Barataria* (1942) parten da lección de Cervantes, pero non dos seus temas. Esta lección é a da desmitificación e a do cuestionamento da realidade. A primeira obra é dunha linguaxe rica, musical e anovadora, mentres que a segunda, obra máis longa en tres actos, ten unha lingua máis sinxela pero procede a unha destrución dos mitos máis profunda, pois fai unha crítica ao poder, á ditadura, pero vese forzado a facelo en clave alegórica debido á situación política. Torrente lembra o caso de Cervantes porque ambos os dous, con profunda vocación teatral, fracasaron como dramaturgos porque o seu tempo non estaba preparado para recibir a súa mensaxe. A figura do narrador e o nihilismo das personaxes son ensinanzas que Torrente recibiu de Cervantes, así como o concepto da arte como xogo, non da arte pola arte, senón dun labor literario que amplía as marxes da realidade. Cómpre non esquecer que esta lección cervantina no teatro de Torrente é a tese esencial do seu libro *El Quijote como juego*, publicado en 1975 e un dos máis orixinais ensaios sobre a arte cervantina.

En 1941 o pobrense **Victoriano García Martí** (1881-1966), acabado de saír do cárcere, publica a obra teatral *La voz de los mitos. Grandeza y servidumbre del hombre*, onde a carón de Don Quixote están presentes outros grandes mitos da literatura universal como Fausto, Don Juan, Hamlet, Dulcinea, Ofelia, Dona Inés e Margarita. A obra está dentro do pensamento liberal e cristián do autor, que en 1947 publicará un interesante ensaio co título *Don Quijote y su mejor camino*. A obra ten pouco alento teatral e naceu sobre todo para ser lida e non para ser representada, pois o propio autor sinala que

Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte



O MARISCAL LÉENDA TRÁXICA EN VERSO  
(Segunda edición) Unha peseta.

O MARISCAL


aínda que ten posibilidades escénicas, non foi concibida para ser representada e por iso non leva acoutacións. Don Quijote, home complexo e moderno, dubida da realidade: “*Ni yo ni nadie sabe cuál es la realidad verdadera. No es menos real la realidad de un sueño que la de esa realidad que pretendemos y que, al fin, la muerte nos hace ver que también fue soñada.*”

En 1947 **José María Castroviejo** (1909-1983), escritor bilingüe identificado co franquismo dende posicións carlistas, publica *Don Quijote en 1947*, que o profesor Alonso Montero relacionou co proceso de Nürenberg contra os xerarcas nazis. Nunca se representou, pero si se editou e polos artigos de Borobó sabemos que se fixo unha lectura da obra na redacción do xornal *La Noche*, en presenza do cervantista galego Santiago Montero Díaz, quen a analizou para os oíntes, sinalando que toda crítica dunha obra debe atender tres cuestións: se a obra responde á personalidade do autor, se ten calidades estéticas e se ten firme estrutura ideolóxica. Cría Montero que a obra de Cas-

troviejo cumpría coas dúas primeiras premisas. Houbo unha pequena polémica xornalística con Manuel Rabanal, o catedrático de grego que tamén colaboraba no mesmo xornal. A obra estaba dividida en cinco actos con numerosos cadros e monólogos e foi cualificada de “*espléndida contribución de la fantasía gallega al centenario cervantino*” por Borobó. A única disensión dos oíntes da peza viña dada polo seu escaso carácter teatral e sinalaban, ademais, que estaba moi presente o pesimismo propio da Xeración do 98, con fortes influxos de Unamuno e Valle-Inclán. Rabanal, pola contra, incidía máis no carácter ideolóxico e afirmaba que o Quixote de Castroviejo era máis de 1936, é dicir, da guerra civil, que de 1947 e que era o fidalgo cervantino un excombatente que lamentaba a decadencia de Europa, aínda que concordaba na escasa teatralidade da peza.

Tamén no exilio interesa a xenial creación cervantina e así **Álvaro Fernández Suárez** (1906-1988) publica *El retablo de maese Pedro*, editada en Montevideo en 1946. Este autor dedicou un volume á novela de Cervantes en 1953 co título *Los mitos del Quijote* e a súa lectura da personaxe destaca a rebeldía como característica principal: “*Don Quijote era un rebelde. Eso estaba, desgraciadamente, muy claro. Bien educado, pero rebelde. Una rebeldía consistente en poner las leyes de la caballería –es decir, leyes ideales– por encima de las leyes del estado.*”

Outro exiliado, máis famoso e menos esquecido, o liberal **Salvador de Madariaga** (1886-1976) publicará en 1962, esta vez en Bos Aires, a obra *El doce de octubre de Cervantes*. Trátase dunha fantasía histórica con un só acto, en prosa, aínda que intercalando unha canción da que logo repite fragmentos. Desenvólvese o doce de outubro de 1592, día no que un Cervantes solitario




O TEATRO DE MADARIAGA

e fracasado coincide nunha baiuca preto do Guadalquivir co seu parente de Esquivias Vozmediano, que ven de América e celebra cos amigos o primeiro centenario do Descubrimento. O creador do *Quijote* evoca a batalla de Lepanto e lamenta as inxustizas que se lle fixeron e a súa mala fortuna. Vozmediano convidao a pedir un cargo nas Indias. Cervantes sonea e aparécenselle Don Quixote e Sancho e o primeiro teme que o autor de Alcalá se vaia a América sen escribir as súas aventuras. As personaxes da novela sábense creados por Cervantes na súa mente e non queren quedar sen ser coñecidos, queren vivir as aventuras que o autor soñou e mesmo se chega Don Quixote a ofrecer como colaborador aportando o material dos seus feitos para a inspiración, antepoñendo a gloria de Cervantes á súa propia. Lembra Ramoneda, case o único estudoso do teatro de Madariaga, que esta peza teatral hai que vencellala ao ensaio publicado por aquel en 1926 co título de *Guía del lector del Quijote*, onde afirmaba que Cervantes non sempre comprendera a grandeza da súa personaxe e a peza teatral incide na xenerosidade da figura de ficción. Cómpre lembrar que

Madariaga foi autor tamén dun libreto en francés para a ópera *Numance* de Henry Barraud (1900-1997), estreada con éxito en París en 1954 e que tamén foi editado. Para este texto partiu da súa adaptación ao inglés da peza de Cervantes do mesmo título, que foi radiada pola BBC en 1947.

O Premio Nobel de Literatura **Camilo José Cela** (1916-2002) foi ante todo narrador, aínda que cultivou todos os xéneros literarios. Autor dalgúns traballos ensaísticos sobre Cervantes e o Quixote, escribiu a peza teatral breve *Escenilla de la invención de los cervantistas*. Estreouse no ano internacional do libro pola Dirección Xeral de Correos e Telecomunicacións o vinte e catro de febreiro de 1972. Brevísimas obras que desenvolve un diálogo entre Cervantes e o impresor Juan de la Cuesta sobre o moi comentado olvido cervantino co burro de Sancho, que dará tanto que facer aos futuros cervantistas.



Cubierta de «El diálogo de los paladines».

Mío Cid y Don Quijote, lanzas en alto, pregonan por el mundo ideales contrapuestos

REY SOTO

Na obriña intervén tamén a personaxe de Don Quixote. No fondo é unha lixeira burla do respecto reverencial que os cervantistas teñen ao texto do *Quijote*.

Para rematar esta panorámica sobre a presenza do *Quijote* e de Cervantes no teatro en castelán dos galegos, hai que citar aínda dous nomes. En primeiro lugar o de **Eduardo Blanco Amor** (1897-1979), de quen se conserva inédita a peza teatral *Escenas sobre el Quijote*, quen tamén ten unha peza galega baseada en Cervantes. O segundo nome é o do poeta modernista **Antonio Rey Soto** (1879-1966), quen en 1931 publicou a obra *El diálogo de los paladines*, que se ben é cualificada polo propio autor de poema, ten estrutura dramática e consiste nun diálogo entre dúas personaxes literarias, o Cid e Don Quixote. O primeiro é o pasado, mentres que a personaxe cervantina é de sempre, de onte, de hoxe e de mañá. É o aventureiro do ideal, neste caso situado no balbordo da I Guerra Mundial.

## CERVANTES E O QUIXOTE NO TEATRO EN GALEGO

Aínda que o teatro en galego ten antecedentes nos Séculos Escuros e na Guerra da Independencia, o verdadeiro comezo dáse en 1882 con *A fonte do xuramento* de Francisco de la Iglesia, que inicia un teatro fundamentalmente rexionalista, con temas históricos galegos ou con temas rurais e costumistas. O Quixote era empregado polos nacionalistas españois como arma de combate en defensa das súas teses, o que levará en Galicia e Cataluña a un certo rexeitamento da novela cervantina, dende posicións tamén nacionalistas. Lémbrese que os promotores da celebración do III Centenario da publicación da primeira parte do Quixote en 1905 usarán algún capítulo quixotesco

como defensa da lingua galega, mentres que un nacionalista como Risco fará desprezo da obra de Cervantes: “*Si efectivamente hai humorismo verdadeiro no Quixote –eu nono sei porque nunca o leín con atención d’abondo ¡É unha cousa tan pelma! ¡Ademais fai moitos anos que nono volvíñ coller nin penso– si efectivamente hai humorismo verdadeiro no Quixote, digo, lembrádevos que Miguel de Cervantes tiña sangue galego pol-o pai e mais pola nai*”. Neste contesto das opinións do líder ideolóxico do nacionalismo nos anos vinte, hai que entender a peza teatral doutro home da xeración de Risco, **Antón Villar Ponte** (1881-1936), figura fundamental no teatro das Irmandades da Fala. En 1934 publica *Os evanxeos da risa absoluta. Anunciación do Antiquixote*, que o propio autor califica de “*folk-drama*” da sinxeleza campesiña, obra que coñeceu unha reedición moderna. Carballo Calero considera que é “*a peza máis ambiciosa deste autor*” e que quixo ser ao mesmo tempo realista e simbolista, pintoresquista e didáctica, pero que os diversos elementos non están ben casados. A maioría dos críticos coincide nos influxos do teatro irlandés de Yeats e do esperpento de Valle-Inclán, considerando ademais que non ten unha grande tensión dramática, pero valoran o seu simbolismo e a súa novidade porque fai unha acertada caracterización da personaxe principal, o antiquixote, Electus, que é unha personificación de Galiza fronte ao que representa o *Quixote* como símbolo de España. Os xornais da época consideraban moi acertado o subtítulo e así *El Pueblo Gallego* (15-05-1934) cre que está “*plenamente justificado, marcando el abismo de diversidad que hay entre nuestra psicología y la de la Meseta*”. Tamén Risco e Fernández del Riego fixeron reseñas positivas desta peza teatral. Un dos motivos centrais empregados por Villar Ponte é



TEATRO DE TORRENTE BALLESTER.JPG

o discurso de Electus contra o Quixote, o que foi visto por Risco como un alter ego do propio Villar Ponte. Non todas foron críticas positivas na época, pois Klem queixábase do “*latinaxo valleinclanescos*”, da falsidade das personaxes, da pouca acción e da arbitrariedade e monotonía da peza. Modernamente Ínsua califícaa de mestura de didactismo e pintoresquismo, de realismo e simbolismo, estruturada ao redor de dous núcleos, o triángulo amoroso e o elemento ideolóxico que representan os soliloquios de Electus. Castela, simbolizada polo Quixote, sería a terra do misticismo, da intolerancia e do fanatismo, mentres que Galiza sería do panteísmo, da ledicia e da tolerancia. Esta visión negativa do Quixote ven dada polo final do fidalgo, que ao morrer renega do idealismo. Sen dúbida a peza é unha resposta á visión que en España teñen do *Quixote* os homes da Xeración do 98, que a consideran unha clave de autocoñecemento para a nación española. A peza é, na opinión de Ínsua, unha reivindicación ideolóxica da independencia espiritual dos galegos fronte aos españois, representados por Don Quixote.

En colaboración con Ramón Cabanillas (1876-1959) escribiu Villar Ponte *O mariscal* (1926), unha das pezas fundamentais do teatro galego do século XX e nela sinalaba xa Carballo Calero que a personificación da raza galega equivalía á personificación de España na obra *La Numancia* de Cervantes. A peza teatral cervantina é unha mostra do orgullo nacionalista español da primeira etapa do autor do Quixote, como a peza *O mariscal* é representativa do orgullo nacionalista galego. Cómpre lembrar que foi convertida en ópera en 1929, con música de Losada Rebellón. Esta obra cervantina ten unha longa tradición como fonte inspiradora de moitos dramaturgos hispánicos, como é o caso de Lope de Vega, Rojas Zorrilla, López de Ayala e Alberti.

En 1974 publicou **Eduardo Blanco Amor** o volume Teatro pra a xente, no que inclúe a peza “*Os baralláns*”, adaptación e recreación dunha peza teatral atribuída a Cervantes e publicada en 1624, *Los dos habladores*. Blanco Amor sentiu sempre moito interese polo Quixote, manifestado non só nestas pezas teatrais senón tamén en conferencias como a titulada “*Eternidad y oportunidad del Quijote*”, que pronunciou en Antofagasta en 1953. A obriña, escrita especialmente para ese volume, é dun realismo costumista moi característico do que Blanco Amor entendía como teatro popular e na que destacan o emprego da lingua do pobo e a creación das personaxes. Ambientada no século XVII, sen embargo ten pouca forza teatral e ten que suplir esta eiva co xesto, coa pantomima. O autor ourensán, que nos anos corenta fundara en Bos Aires o teatro español de cámara *El Tinglado*, xa puxera en escea entremeses de Cervantes como *La guarda cuidadosa*, *El juez de los divorcios*, *El vizcaíno fingido* e a que deu orixe á súa versión galega. *Os baralláns* foi representada, cando menos, en 1980 en Ourense polo grupo *Rúa Viva* e tamén en 1992 no Couto.

Caso máis complexo é o de **Álvaro Cunqueiro** (1911-1981), quen é autor dunha das máis importantes pezas do teatro galego, *Don Hamlet*, que foi relacionada por Anxo González Fernández co *Quixote*, porque ambas as dúas teñen interconexión xa dende o título e as semellanzas son de dous tipos: as que atinxen á consistencia mesmo e aos comportamentos dos protagonistas e, en segundo lugar, as que afectan á intencionalidade, as máis importantes. Nestas ambos os dous autores parten do *Eloxio da loucura* de Erasmo na súa consideración do irracional como xogo irónico e con ambivalencia de valores. A parodia de Cervantes agocha un afán de enxalzamento da cabalaría e Don Quixote logra con estes ide-

ais cabaleirescos a súa “*consistencia óptica*”. A ironía de Cunqueiro vai polo mesmo camiño, pero cambiando a dirección de Cervantes: Cunqueiro ataca onde gaba, mentres que Cervantes gaba cando ataca. Fronte á tolerancia cervantina Cunqueiro descualifica a paciencia e o estoicismo, pero comparten os dous autores non só o fondo común erasmista senón tamén a consideración das dúas personaxes como “*pura literariedade*”, é dicir, literatura dentro da literatura, Don Quixote como personaxe na propia obra e Hamlet como personaxe-autor do drama que se representa dentro da obra cunqueiriana. Remata a tese de González Fernández afirmando que ambas personaxes fan literatura de segundo nivel, porque é na literatura a realidade que viven. Nas dúas dáse un desaxuste no encontro entre a realidade e a literatura.

Aínda hai que falar no teatro en galego de obras que permanecen inéditas, aínda que algunhas se estreasen. Trátase de adaptacións e versións, máis que de traducións, das obras cervantinas. En 1979 o grupo **Ditea** puxo en escena “*O vello Celeiras*”, partindo de textos cervantinos, mentres que en 1981 subiu ao escenario “*Teatro de sombras*”, baseada no Quixote. En Narón, en 1998, dirixida por Ana Vallés, representouse “*Teatro para camaleóns*”, baseada en textos de Cervantes recreados por Javier Martínez Alexandre e **Antón Rodríguez López** (1961).

A dramaturgo **Teresa Campo Domínguez** (1946) ten inéditas dúas versións de entremeses de Cervantes, os titulados “*O retábulo das marabillas*” e “*O xuíz dos divorcios*”, e no mesmo caso están as adaptacións de **Víctor Vez** (1941), que levan o título de “*O vello celoso*” e “*A cova de Salamanca*”. Sabemos tamén que **Marcelino de Santiago** (1954), máis coñecido por Kukus, ten inédita a peza teatral “*Cervantes en Barataria*”.

Probablemente esta panorámica non esgota o tema do teatro galego relacionado con Cervantes e o *Quixote*, pero a vintena de autores citados e analizados brevemente dan boa idea da riqueza múltiple que suscitou a imaxinación de Cervantes nos dramaturgos galegos.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, X.: "Don Quijote, en 1947, no proceso de Nürenberg", *La Voz de Galicia*, "Culturas", 136, 19-11-2005, p. 13.
- AZNAR SOLER, M.: "Farsa y guiñol en el teatro de Rafael Dieste", en V.V.A.A.: *Congreso Rafael Dieste*, Santiago, Xunta de Galicia, 1995.
- AZORÍN: *Con permiso de los cervantistas*, Madrid, Biblioteca Nueva, 1948.
- BLANCO-AMOR, E.: *Teatro pra a xente*, Vigo, Galaxia, 1974.
- BOROBÓ: "De Don Quijote a Don Victoriano", *La Noche*, 10-10-1947.
- "Estar de vuelta", *La Noche*, 29-03-1947.
- "Un Quijote a la gallega", *La Noche*, 21-02-1947.
- CARBALLO CALERO, R.: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., 1981.
- CELA, C.J.: "Escenilla de la invención de los cervantistas", *El Extramundi y Los Papeles de Iria Flavia*, nº XLII, Verán, 2005.
- DIESTE, R.: "Nuevo retablo de las maravillas", *Hora de España*, nº 1, (1937).
- Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana*, Barcelona, Hijos de José Espasa, t. 48, 1922, voz *Quijote*, pp. 1.117-1.214.
- GARCÍA MARTÍ, V.: *La voz de los mitos. Grandeza y servidumbre del hombre*, Madrid, Espasa-Calpe, 1941.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, A.: *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, Santiago, Xunta de Galicia, 1995.
- ÍNSUA, Emilio X.: "O teatro das Irmandades da Fala", V.V.A.A.: *Historia da literatura galega*, Vigo, AS-PG / A Nosa Terra, 1996, pp. 609-640.
- LÓPEZ CRIADO, F.: *El teatro de Manuel Linares Rivas*, A Coruña, Deputación da Coruña, t. I, 1999.
- LOURENZO, M. e PILLADO MAYOR, F.: *O teatro galego*, Sada, O Castro, 1979.
- MADARIAGA, S. de: *Teatro en prosa y verso*, Madrid, Espasa-Calpe, 1983.
- MAESTRO, Jesús G.: "Hacia una poética del teatro de Gonzalo Torrente Ballester. De la experimentación a la desmitificación", en PAULINO, José e Carmen BECERRA: *Gonzalo Torrente Ballester*, Madrid, Ed. Complutense, 2001.
- MENÉNDEZ PIDAL, R.: "Un aspecto en la elaboración del Quijote", en *De Cervantes y Lope de Vega*, Buenos Aires, Espasa-Calpe, 3ª ed., 1945.
- NOGUEIRA, Mar (dir.): *Catálogo de dramaturgos galegos 1973-2004. De Abrente ata hoxe*, Santiago, Xunta de Galicia / IGAEM, 2005.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, L.: "Eduardo Blanco-Amor e o teatro popular", en V.V.A.A.: *Eduardo Blanco-Amor*, Santiago, Xunta de Galicia, 1993, pp. 97-120.
- RABANAL, M.: "Dos nuevas salidas de Don Quijote", *La Noche*, 29-03-1947.
- RAMONEDA, A.: "El teatro de Salvador de Madariaga", en V.V.A.A.: *Salvador de Madariaga*, A Coruña, 1987, pp. 251-286.
- REY SOTO, A.: *El diálogo de los paladines*, Madrid, Compañía General de Artes Gráficas, 1931.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, T.: *Catálogo de dramaturgos españoles del siglo XIX*, Madrid, Fundación Universitaria Española, 1994.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X.P.: "Don Quixote no Barbanza", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 1, (2005), pp. 141-154.
- *Cervantes e o Quixote en Galicia*, Noia, Toxosoutos, 2005.
- "Un cervantista pobrense: Victoriano García Martí", *Alameda*, nº 21, xaneiro, 2006, pp. 54-61.
- SALAS Y QUIROGA, J. de: *Prólogo a Poesías*, Madrid, 1834.
- SANMARTÍN REI, G.: *O teatro de Xan da Cova. La Galiciana e María Pita*, A Coruña, Biblioteca Teatral Francisco Pillado Mayor, 2002.
- TATO, Laura: "A obra dramática de Blanco Amor", en V.V.A.A.: *Xornadas Eduardo Blanco Amor*, Santiago, Xunta de Galicia, 1997, pp. 171-177.
- TORRENTE BALLESTER, G.: *Teatro*, Barcelona, Destino, 2 t., 1982.
- V.V.A.A.: *Poesía*, nº 45, ed. de Gonzalo Armero, Madrid, 2005.
- VIEITES, M.F.: *Manual e escolma da literatura dramática galega*, Santiago, Sotelo Blanco, 1996.
- VILAVEDRA, D. (Coord.): *Diccionario da literatura galega*, Vigo, Galaxia, t. I e III, 1995 e 2000.
- VILLAR PONTE, A.: *Os evanxeos da risa absoluta*, Vigo, AS-PG / A Nosa Terra, 1996. Edición de Emilio Xosé Ínsua.
- YAMAGUCHI, Hajine: "Torrente y su teatro", en PAULINO, José e Carmen BECERRA: *Gonzalo Torrente Ballester*, Madrid, Ed. Complutense, 2001, pp. 149-162.

# Historia dun recoñecemento: A Vila de Muros e o afundimento do “Cardenal Cisneros”

Alfonso González Asenjo

Este ano 2006 conmemórase o primeiro centenario da concesión á vila de Muros do título de “Moi Humanitaria” polo rei Afonso XIII.

Pero as circunstancias polas que lle foi outorgada a distinción transcorreron un ano antes, é dicir no 1905.

O feito causante deste recoñecemento foi o comportamento da poboación muradana con ocasión do afundimento do cruceiro “*Cardenal Jiménez de Cisneros*”, ou máis abreviadamente, “*Cardenal Cisneros*” pertencente á Armada española e que navegaba dende Muros cara ao arsenal de Ferrol onde tiña previsto chegar para efectuar unhas reparacións e obras de mellora.

O buque de guerra naufragou, posiblemente, ao tocar cunha agulla non cartografada pertencente ao baixo coñecido como “Os Meixidos” o día 28 de outubro do citado ano 1905.

Tratábase dun buque relativamente novo; comezado a construír no 1890 aínda tiveron que pasar sete anos ata que foi botado, xusto un ano antes de que se producira o desastre da Armada española en Santiago de Cuba e no Cavite, nas Filipinas, coa perda de numerosas vidas de a destrución dunha elevada cantidade de unidades navais. Unha vez completado, entrou en servizo no ano 1902. Como afundiou só tres anos despois de incorporarse á Escadra española, podemos dicir que verdadeiramente viviu mentres estivo no arsenal de Ferrol.

Era unha embarcación que desprazaba unhas 7.500 toneladas (é dicir era un barco de tamaño mediano tirando a grande), cunha eslora superior aos 100 metros e un calado arredor dos 7 metros. Tiña dous altos masts e outras tantas chemineas por onde saía o fume do carbón que se queimaba nos corenta fornos das seis caldeiras que producían o vapor para mover dúas máquinas de triple expansión que servían para impulsar outras tantas hélices que levaban ao “*Cisneros*” a acadar unha velocidade máxima de entre 18 e 20 nós.

Militarmente o “*Cardenal Cisneros*” clasificábase coma Acruceiro A, é dicir o tipo de buque inmediatamente inferior en poder aos “acoirazados,” que eran os navíos máis importantes polo seu desprazamento, armamento e blindaxe, de calquera forza naval. Dentro dos cruceiros o noso buque ocupaba unha cualificación óptima posto que se trataba dun Acruceiro blindado”, ou de 10 clase, como se dicía antigamente. Estaba armado con dous canóns de 240 mm, un a proa e outro a popa, e oito canóns (catro por banda) de 140 mm., amáis doutros de inferior calibre e tres tubos para lanzar torpedos. Estaba bastante ben protexido por unha faixa blindada de aceiro que variaba de espesor entre os 15 e os 30 centímetros, aunque esta protección non lle librou de ir a pique.

Para tripular e manexar esta embarcación necesitábanse case cincocentos homes entre oficiais, suboficiais e especialistas e mariñeiros.

Nos tempos nos que entrou en servizo tratábase dunha nave dotada de moitos adiantos técnicos como o teléfono ou especialmente a telegrafía sen fíos que lle permitía estar en contacto con terra e comunicarse con ela en todo momento .

O custo deste buque foi de 22.776.170 pesetas das de aqueles tempos, non das de hoxe, no que nen sequera hai pesetas.

O “*Cardenal Cisneros*” comezou a súa vida coma buque efectivo o día 13 de setembro de 1902 cando saíu do

Ferrol cara a Donostia (San Sebastián) onde estaban os reis; naqueles tempos ía moi bonito pintado a varias cores: o casco de negro, as estruturas da ponte en branco e as chemineas, mastros e manguerotes de ventilación en cor marelo-ocre, imitando, en certa forma aos buques británicos da época. Para cando acabara os seus días a flote, nos Meixidos, xa cambiara a súa librea por unha cor uniforme de ton gris, máis ou menos como van hoxe en día os buques de guerra en todo o mundo. Andivo despois viaxando (Cádiz, Maó (Mahón), Lisboa, Palma de Mallorca, norte de África, Cartaxena, Portsmouth (Gran Bretaña) etc. alternando funcións de representación con outras máis propiamente castrenses.

Xa cedo na súa curta vida a flote pasou por circunstancias de grave risco para a súa seguridade. Concretamente no ano 1903, e servindo de escolta ao iate real nunha visita ás Illas Baleares, correu perigo de sufrir un embarrancamento no porto de Sóller. Esta situación, comprometida, debeuse ao estreito do fondeadeiro e ao seu escaso fondo, moi incómoda para a manobra dun buque do porte do cruceiro. Dise que oficiais navais británicos comentaron que a eles non se lles tería ocorrida semellante acción; desta volta, as cousas saíron ben e o *Cisneros* non sufriu dano algún. Pero, desgrazadamente, non ía ser sempre así. O seu momento culminante foi cando, a principios do ano 1905, o ano da súa perda, escoltou ao transatlántico *Hamburg* no que viaxaba o emperador alemán por augas baleares.

Cousa de dous meses antes do naufraxio, o *Cisneros* cambiou de Comandante, sendo destinado para o mando do buque un oficial, o Capitán de Navío Manuel Díaz Iglesias, moi coñecido nos ambientes navais por ter conseguido que a xustiza británica, tras longo e complicado pleito, obrigara a unha constructora naval dese país a que aboara ao goberno español unha elevada cantidade polo retraso na entrega duns buques encargados por aquel. Tras deste éxito quen lle

ía a dicir que a súa carreira de oficial con mando de buques estaba comezando a súa conta atrás.

O feito de que o cruceiro *Cardenal Cisneros* se perdera preto de Muros debeuse á presenza da escadra (a División Naval de Instrucción) nesa ría co obxecto de desenvolver unhas manobras navais (baixo o nome oficial de “exercicios tácticos”). Era relativamente frecuente que se utilizara a costa occidental galega para realizar eses exercicios, tanto por parte da Armada española coma por outras Armadas estranxeiras entre as que destaca a británica. Esta última, tiña despois por costume visitar a ría de Arousa ou a de Vigo. Por certo, que nunhas manobras por estas mesmas augas occidentais perderíase no ano 1932 outro moderno cruceiro da Armada española, o *Blas de Lezo*, concretamente entre o illote do Centolo ou Centulo e o cabo de Fisterra.

Non foron excesivamente numerosos os buques españois concentrados na ría muradana para o desenvolvemento dos exercicios navais pero si eran do máis moderno que tiña a Armada española neses momentos. Tratábanse de outros tres cruceiros; dous deles bastante pequenos (o *Extremadura* e o *Río de la Plata* nos que se daba a circunstancia de seren ámbolos dous construídos grazas á contribución económica achegada polas colectividades de emigrantes españois en México o primeiro e no Uruguai e na Arxentina no segundo caso) e o terceiro, o *Princesa de Asturias*, xemeo do *Cisneros*; amáis destes catro grandes buques había un canoneiro, o *Marqués de la Victoria*, máis pequeno. Con todo reunían do mellor (o pouco de verdadeiro valor militar) da flota de guerra española neses anos, despois dos desastres de Santiago de Cuba e Cavite.

Os buques reuníronse en Muros para iniciar os exercicios militares o día 24 de outubro o concluíronnos o día 27 do mesmo mes. Como é habitual unha vez rematadas as manobras, os buques volveron a fondear para dar descanso ás súas tripulacións, entre as que habería con absoluta seguridade mariñeiros de Muros e puntos cercanos á vila.

Muros debeu quedar case inundada ao recibir a estes homes (os buques reunían unhas dotacións que sumaban máis de 1.600 efectivos) e, polo que parece, foron moi festexados esa tarde e a noite de sábado. Moitos deles non tardarían nin vintecatro horas en voltar á vila.

Á mañanciña seguinte (o día 28) os buques abandoaron a ría para dirixirse a Cádiz pasando por Vigo mentres o *Cisneros* se dirixiría a Ferrol a efectuar unhas reparacións no arsenal. Non chegou a remontar o cabo Fisterra; unhas dúas horas despois de deixar Muros pola popa íase ao fondo no medio dunha mar calma, nunha mañanciña fermosa, no que semellou ser un dos despistes máis notables da historia naval militar española.

Efectivamente, o rumbo cara ao norte na demanda do cabo Fisterra levou ao buque a achegarse preto dun baixo, o dos Meixidos, coñecido anque non suficientemente ben cartografado en toda a súa extensión e profundidade, do que resultou que, nun exceso de confianza do oficial de derrota, o *Cisneros* pasara por riba dunha agulla que lle abriu unha longa fendedura no casco por baixo da flotación, do que resultou unha incontrolable inundación dos espazos inferiores, que comezaron a encherse de auga sen que fora posible achicala.

En cuestión de minutos, unha somera indagación dos danos sufridos fixo decatarse aos mandos do cruceiro de que éste podía darse por perdido, polo que deron a orde de abandono do buque. Afortunadamente o mar estaba totalmente calmo e os máis de cincocentos homes (e unha muller, a esposa do Comandante) poideron deixalo denantes que este afundira de proa. A dotación, nas embarcacións de salvamento das que dispuña o *Cisneros*, foi conducida a remolque por uns vapores de pesca ata Lira e Corcubión desde onde se dirixiu de novo, pero agora andando, ata a vila de Muros onde serían recollidos ao día seguinte polos cruceiros cos que estivo os días anteriores de manobras.

Obviamente a perda dunha nave de guerra da importancia do cruceiro nestas circunstancias, tiña que ser obxecto de investigación. Desta e máis do sumario que se abriu para esclarecer os feitos e as responsabilidades, puxéronse de manifesto algunhas circunstancias certamente chamativas, cando non irregulares, dos acontecementos.

Unha delas era o feito de que á Armada foille imposible saber con exactitude onde estaba a pedra que fixo naufragar ao Cardenal Cisneros; simplemente non deron con ela.

Nun segundo lugar, resultou que as cartas náuticas coas que contaba a Armada española non sinalaban correctamente a localización e a extensión do baixo no que naufragou o buque de guerra; pero máis grave era que as cartas das que se dispoñía foran levantadas entre 1824 e 1836 e non se volveran a repasar dende ese tempo. Este problema das cartas náuticas mal feitas chegaría ata os anos setenta do século XX cando, na badía da Coruña e cun importante tránsito de buques petroleiros, coñecidos polo seu importante calado e dificultades para manobrar en caso de apuro, se produciu o naufraxio do *Urquiola* debido á existencia dunha descoñecida agulla que lle abriu unha fenda no casco e o fixo naufragar na propia badía. Quedaba así de manifesto a escasa fiabilidade e capacidade do Servizo Hidrográfico da Mariña.

Unha terceira circunstancia verdadeiramente lamentable foi a de que, aparentemente, non se enviaron buzos a

recoñecer a zona para localizar o pecio e intentar o seu rescate, por non dicir de observar as causas do afundimento do propio buque (lugar onde se produciu o impacto, lonxitude deste, tipo de desgarradura no casco, etc.) non había medios? non interesaba empregalos?

A cuarta, unida ás anteriores, era máis grave se cabe posto que se se trataba da imposibilidade de averiguar onde podía estar afundido o buque e en que circunstancias se producira o suceso xa que se carecía do documento básico como era o caderno de bitácora. Resultou que estaba no fondo do mar, xunto co resto da embarcación. Semella que durante a manobra de abandono os oficiais esquecéronse do caderno; estrano, máxime se sabemos que o *Cisneros* tardou uns corenta e cinco minutos en ir ao fondo; semella tempo máis que suficiente para recoller este documento e poñelo en salvo. É difícil de interpretar este aparente despiste dos oficiais ao non salvagardar debidamente o caderno de bitácora, excepto si sospeitáramos que a súa ausencia só podía ir no seu propio beneficio. De feito, ao non dispor do libro de derrota non se podía asegurar con absoluta certeza si a negligencia correspondería en exclusividade aos oficiais por trazar mal o rumbo, ou podería deberse a unha mala información das cartas náuticas. Certamente que a perda do caderno de navegación (ou bitácora) podía ser censurada, pero tal vez as circunstancias que revelaba ben podía facer aceptable o risco da censura, por moi dura que fora, antes que se soubera unha verdade máis punible de dispor do caderno. Unha vez perdido, habería que fiarse das testemuñas dos oficiais e estes non ían declarar, previsiblemente, o seu propio erro. Faltaba o elemento decisivo e este estaba agochado no mellor lugar posible para non atopalo: na ponte de mando dun buque afundido, non se sabía exactamente onde e ao que ninguén pensaba baixar a rescatar.

Anque o verdadeiro responsable do rumbo do buque no momento do sinistro tiña que ser o oficial Cebreiro y San

Juan, encargado da derrota, quen tivo que responder pola perda da nave foi o Comandante Díaz Iglesias. Quizais presionado pola opinión pública, o rei e a propia Armada, o tribunal militar (un Consello de Guerra de Oficiais Xenerais) sentenciou ao oficial superior á pena de suspensión de emprego por un ano o que supuxo a fin da carreira naval deste oficial; con todo o castigo era o menos duro que se podía impoñer. Esta debeu de ser unha das escasas sentencias condecoratorias impostas a oficiais pola perda dos seus buques. De feito nin a perda do acorazado *España* nin do cruceiro *Blas de Lezo*, anos máis tarde, traería consecuencias negativas para os seus responsables; en ámbalas situacións foron absoltos.

En calquera caso o papel desempeñado polo pobo muradán neste acontecemento lamentable foi o de intentar evitalo mentres foi posible, e acoller da mellor maneira aos naufragos e atenderlos até que marcharon.

Respecto do primeiro, aparentemente os mariñeiros que se atopaban faenando preto dos baixos, ao comprobar a derrota que seguía o *Cisneros*, e que o conducía a unha situación de enorme risco, intentaron chamar a atención do cruceiro mediante sinais e acenos, cousa que non serviu absolutamente para nada, pois mesmo se pensou dende o buque que eran saúdos que se lles facían. Até se chegou a dicir que un mariñeiro muradán da dotación do barco de guerra pretendeu indicar ao oficial de derrota o seu erro e que éste o obrigara a calar.

Debeu de ser todo un espectáculo para os que intuían a posibilidade do inminente desastre, observar ao grande navío dirixirse a media velocidade cara a unha zona que se sabía tremendamente perigosa e comprobar como se cumprían os peores augurios e o buque acababa naufragando, sen poder facer nada por evitalo.

Polo que respecta ao salvamento, e como xa comentamos, dado que afortu-

nadamente o estado da mar era totalmente calmo, a dotación non necesitou ningún tipo de axuda exterior. Con todo, a presenza de embarcacións de pesca nos arredores do lugar do afundimento fixo que se achegaran ata o naufraxio, e de feito dous vapores tomaron a remolque aos botes conducíndoos, non a Muros senón a Lira. Descoñecemos a causa pola que se tomou esta determinación e quen foi quen a tomou; probablemente un oficial do *Cisneros* e tal vez porque dispoñéndose de teléfono en Lira podía comunicarse rapidamente a Muros da perda do cruceiro. Ao parecer outra embarcación con naufragos dirixiuse ata Corcubión onde os desembarcou. Despois todos quedaron concentrados en Muros á espera de seren recollidos por buques da Armada.


En calquera caso os auxilios prestáronse no núcleo de poboación máis grande próximo ao naufraxio, é dicir en Muros, que entre outros medios contaba con estación telegráfica, axudantía de mariña e capacidade para acoller a unha numerosa dotación entre os que había mesmo algúns feridos leves e contusos na manobra de largar os botes de salvamento.

Estas atencións dispensadas en Muros foran as que o rei e o Goberno quixeron agradecer concedéndolle o título de “Moi Humanitaria”. Nembargantes do recoñecemento por mor do salvamento e axuda á tripulación do *Cisneros*, os habitantes do concello levaban atendendo aos naufragados na súa costa case que de toda a vida; sen ir máis lonxe arredor de finais do século XIX e principios do XX, sabemos do acollemento, alomenos, aos superviventes do vapor correo *Gijón* no 1884; dos do británico *Sovereign* e aos dos buques español *Ter* e sueco *Castor* no ano 1901, ou os do vapor *Larache* da Compañía Transatlántica Española no 1908, sen contar con outras embarcacións de menor porte.

Non deixaba de ser unha triste situación a de ter que amosar tantas veces a solidariedade debido a tan frecuente número de naufraxios; pero tampouco cabía a menor dúbida que Muros, coma tantas outras vilas e lugares desta terra, tiña ben gañado o título de “Humanitaria” como así lle foi recoñecido por R.O. ao ano seguinte de producirse o naufraxio do *Cardenal Cisneros*, anque polos méritos contraídos, ben podería telo recibido antes.

## BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA

- AGUILERA Y ELÍAS, *Buques de de Guerra españoles 1885-1971*.
- ALEJANDRO ANCA ALAMILLO, *El crucero acorazado Cardenal Cisneros*.
- VV AA, *El buque en la Armada Española*.
- F. PATRICIO CORTIZO, *Historia da costa galega e os seus naufraxios. Século XX*.



*Alfonso Costa*

## **Unha intervención artística**

Óido que cada habitante do Planeta ten unha patria que é máis grande que o propio orbe: refírome a ese cacho de terra onde respiramos, amamos, aprendemos ou nos relacionamos.

Neste senso, Noia é a patria de cantos aquí naceron ou nela se criaron, pero tamén a dos que se foron e se irán incorporando á súa historia.

Propios e alleos recoñecen que Noia é un lugar especial, non só pola súa privilexiada xeografía senón, e sobre todo, por esa fascinante personalidade que se vén conformando dende a súa orixe mítica.

Habería que preguntarse por que deste chan abrollaron e seguen a gromar tantos e bos artistas: músicos, pintores, escultores, gravadores, escritores, deportistas... en xeral, e por riba das miserias inherentes a toda aventura humana, unha colectividade sensible e capaz de producir fazañas vitais e artísticas admirables.

Moitas veces fico a mirar as árbores da Alameda e dou en matinar que a nosa vida presente é como esa vibración das follas que move o vento, como as puntas das pólas a estirarse, pero que o zume que nos empurra e nos vigoriza vén do fondo mineral e espiritual dos que nos precederon. Corresponder a esa xenerosa entrega e continuar a traballar nesa liña ascendente, é para min –como estou certo de que o é para a meirande parte da/os noiesa/es– un compromiso ético e estético. Dende esta perspectiva e con este sentimento, aceptei a proposta da Directiva do Liceo de Noia para actuar artisticamente sobre o edificio, sé da Sociedade e en fase de restauración.

O Liceo é, sen dúbida, unha institución civil modélica, non só en Galicia senón no resto do Estado, que democráticamente acolle, sen discriminacións nin prexuízos, o sentir e o quefacer plural da nosa vila.

No meu matinar sobre este lugar de diversidade e centro da vida social de Noia, veume á cabeza o “oco-

rama” das árbores, ese espacio interior no que os paxaros celebran a cotío a súa vagarosa convivencia.

Teño para min que o lecer, cando é creativo, resulta para moitas persoas o tempo de meirande liberdade porque, ceibes de urxencias e de obrigas, cadaquén pode dedicarse a aquelas actividades que mellor desenvolven as súas afeccións ou arelas expresivas. Neste senso, o Liceo cumpre un papel ben importante, pois propicia e fai posible a materialización de todas esas inxerencias. A ampliación e restauración que se vén de facer no edificio é proba desa vocación estimuladora. E, se cadra, esta é tamén a idea que dende un principio animou o meu proxecto artístico para o Liceo: incitar, suxerir ou espertar a sensibilidade individual, sabendo que os seus froitos van ser compartidos e conformarán o mellor patrimonio da nosa sociedade.

### **AS PAISAXES POSIBLES**

É na fachada principal do Liceo, a que dá á Alameda, a que recibe os salgados recendos da Ría e arde en ascuas no serán, onde se decidiu colocar un mural que, dalgún modo, actuase de representación externa da institución.

Precisamente, foi esta circunstancia espacial de intemperie a que favoreceu a elección da cerámica, como técnica e soporte máis axeitados para realizar a obra. Unha obra que mide 20 metros de longo por dous metros de alto e que



estivo concebida dende un principio en harmonía co medio natural e arquitectónico no que se ubica. Daí que as cores, ou mesmo o movemento das liñas, estean en grande parte inspiradas nesa concordancia.

O mural, aínda que disposto en total continuidade, está dividido en seis cadros temáticos que son ventás a universos distintos, xa que logo, tamén de expresión diferenciada. E, sen dúbida, esta é unha das razóns que me levaron a titular esta obra “As paisaxes posibles”.

Dende a perspectiva do espectador, e comezando pola súa esquerda, o primeiro lenzo de gres pintado quere insinuar esa infinda posibilidade da enerxía humana, para facer reais os seus soños e as súas esperanzas. Por iso amosa unha fiestra, ou sucesión de fiestras, en azuis. O azul é a cor máis inmaterial, máis pura e máis profunda. Entrar no azul e atravesar o espello, acceder ao ámbito da imaxinación e do coñecemento. É tamén a cor do paxaro da felicidade. É a

cor dos ollos de Noia e da súa nostalxia. Pero é asemade o indefinido, por iso a necesidade de centrar, de encamiñar con liñas máis precisas esa forza ou capacidade.

Esas liñas, non obstante, desenvolven no seguinte cadro un xogo de correspondencias e transformacións, mediante o que se abrazan ou se disolven sobre un amplo espectro de cores sentidas como arrecendos. É o bosquejo do dinamismo creativo que habita o eido da Poesía.

E movemento tamén abstracto é a Música que se prega e se estende en harmónica combinación de acordes, de silencios... Esta matemática sonora ou ciencia das modulacións que os antigos definían como a arte de conquistar a perfección é, a bo seguro, a manifestación artística que máis e mellor celebran as xentes de Noia. Á música ,pois, está dedicado o terceiro cadro.

Pola súa parte, a Danza aparece representada no seguinte encadre, como outra forma de ordenamento rítmico, pero máis xesticulante ou ritual. A danza é unha linguaxe, liberadora dabondo, que vén do máis profundo do inconsciente e das fontes máis ancestrais da nosa tradición cultural. É, sen embargo, a arte do efémero: unha sutil e fuxidía filigrana de significantes e significados que o corpo debuxa como formas do aire, baile azul, sobre un fondo vermello de paixón.



As Artes Plásticas, pintura e gravado por exemplo, son igualmente actividades que se desenvolven nos talleres creativos do Liceo. O quinto cadro do mural pretende aproximarnos a eses sorprendentes territorios feitos de luz e sombra, de cores e trazos, e que sempre evocan ou inspiran en cadaquén outras paisaxes.

Por último, a misteriosa perfección da flor quere simbolizar a manifestación do pulo creador dunha natureza que, por suposto, abrangue os seres humanos e os seus froitos: xuventude ou fertilidade da sensibilidade e da intelixencia que segue a soñar. Por iso, outra volta, o azul.

## TERRITORIOS

O interior do edificio do Liceo non é un espacio calquera. Dende hai 78 anos, o fluxo e concentración da enerxía de miles de socios, vén conformando un ámbito no que é doado sentir a sinerxia, que fai posible que avance este proxecto de comunicación e convivencia.

A comunidade que non dispón de puntos de encontro é un mundo disperso e esmorecente.


Cando alguén entra no Liceo de Noia decátase de que aquí a xente ri, fala, aprende, divírtese... Axiña escoitamos o bater mínimo e contundente das fichas do dominó

sobre a mesa, o punteo nas cordas da guitarra, o axóuxere das pandereteiras, voces líricas a ensaiar a zarzuela ou voces dramáticas a ensaiar o teatro, os acoramentos esforzados que chegan dende a sala de baile ou de ximnasia, o goooooo unísono diante dun televisor, a perrencha dun pequerrecho....E poida que arrecenda a óleo ou a ácido nítrico comendo na prancha de zinc, ou a café...Vida, moita vida.

Pensei que cada persoa chega aquí, para romper coa rutina, degustar o tempo e esquecerse das teimas e preocupacións para encontrarse, doutro modo, a si mesmo cos outros.

Na pranta baixa, na parede onde se inicia a escaleira de ascenso, pintei un mural en azuis que significase ese momento, ese tránsito, esa potencialidade.

Despois, no primeiro andar pintéi, tamén sobre a parede (5 x 1,90 m.), un estourido de cores que se contaxian sen



## O SOL E MAILA LÚA

A actual restauración do edificio do Liceo culmina cunha cúpula piramidal forxada en aceiro e metacrilato.

Esta especie de lanterna pon en contacto o exterior co interior do establecemento, pero protexéndonos da intemperie.

Xa non somos cegos á luz do sol e da lúa, nin ao rito da rexeneración da vida no sucederse das estacións. Mais, se ben aquelas radiacións sempre van influir sobre os nosos corpos e o noso ánimo, non menos nos afectan outros elementos da natureza.


Cando fun solicitado para pintar a cúpula coidei que debía significar a importancia esencial que teñen para a nosa existencia a auga, o aire, a terra e o lume. E no seu alento substancial mollei os meus pinceis.

## AS PORTAS

Todo recinto ritual, e no Liceo celebramos de cote a natural e civilizada escenificación da convivencia, precisa dunha entrada significativa. Por esta razón imaxinei e fixemos realidade unha porta que semella prolongarse nunha perspectiva de liñas en fuga: como un horizonte que se ofrece e se abre aos nosos pasos, a un novo proxecto existencial e colectivo.

A miña intervención artística, reitérome, estivo en todo momento animada por esa idea, a de ser o abrazo sensible e máxico que acolla as vosas arelas. Benvidos.

perder a súa individualidade. É a alegría da amizade que se comunica e se revela. É o sen fin de TERRITORIOS que emerxe cando esa sinerxia, lúdica e razonable, se produce.



# Recunchos de Noia



*Roque Gallardo*

Cruceiro antigo, historia viva,  
fan o futuro da nosa Vila.



A gran muralla foi derrubada,  
os malecóns miran á auga.




A Carreiriña do escultor,  
un urbanismo acolledor.



# Os nosos libros

Pedro García Vidal




XOSÉ AGRELO HERMO

## Derrota e singraduras do Joaquín Vieta

Editorial Toxosoutos. Noia / 15x21 cm. / 80 páxinas

O mestre Xosé Agrelo, refírenos nas páxinas deste libro a historia do Joaquín Vieta, un dos “barcos da carreira de Vigo”, así chamados por ter ese porto como principal destino de entrega e recollida de fretes. Ao traveso da derrota e singraduras deste senlleiro balandro noiés de dous paus, Agrelo devólvenos a aquel tempo en que Noia tiña mar; un tempo de velas e salitre, de pailebotes, bergantíns, balandros ou pataches, de mariñeiros recios e patróns míticos nos que acougaba unha xeografía de cabos, illas ou baixíos.

É a memoria do mar de Noia a que semella resumida nesta nova publicación de Pepe Agrelo, unha memoria de peiraos ateigados de xentes en frenética actividade mercantil, reflexo dunha vila industriosa que tiña aínda ao mar, que fora o berce do seu nacemento e desenvolvemento económico, como horizonte e esperanza de futuro. Toda unha ledicia adobiada con toques de incredulidade ao contemplar ese fervedoiro de vida arredor do mar, ese mar que hoxe semella tan mínimo e afastado da vila.



Xerardo Agrafoxo

## Crónicas dunha democracia

### A revolta nacionalista

Editorial Toxosoutos. Noia / 14x21 cm.

Coa publicación destes dous libros –os primeiros dunha triloxía sobre a historia da democracia en Noia– o investigador noiés Xerardo Agrafoxo vai dar remate a unha teima de anos como era escribir a historia de Noia desde as súas orixes ata o momento actual.

En *Crónicas dunha democracia*, analízase primeiramente o incerto período da transición política ata as primeiras eleccións democráticas de 1979, para de seguido facer un detido estudo dos principais acontecementos que marcaron as dúas lexislaturas con gobernos do PSOE.

*A revolta nacionalista. A Noia de Pastor Alonso e o goberno de Bieito González*, configúrase ao redor de tres épocas: a primeira lexislatura de Pastor Alonso, o breve goberno do BNG logo da maioría absoluta nas municipais de 1991, e o mandato de Alternativa Galega.

Unha documentada crónica dun período intenso da vida de todos nós que Xerardo transmite con especial mestría e distanciamento obxectivo dos feitos. Unha lectura imprescindible para comprender as claves sociopolíticas que marcan a Noia actual.

